



CEIP de Petelos

Memoria do curso escolar

2022-2023

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. INFORME DE DIRECCIÓN.....	2
Persoal do centro.....	2
Servizos do centro.....	3
Proxectos do centro.....	4
Documentación do centro.....	5
Instalacións, equipamento, obras e arranxos.....	6
Organización dos equipos, departamento e órganos de coordinación.....	6
2. EDUCACIÓN INFANTIL.....	9
3. PRIMEIRO CICLO.....	11
4. SEGUNDO CICLO.....	24
5. TERCEIRO CICLO.....	28
6. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.....	32
7. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	35
8. ED. ARTÍSTICA: MÚSICA.....	38
9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	41
10. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	43
11. EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE.....	46
12. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	48
A. Orientación para a organización e funcionamento do centro:.....	50
B. Orientación e colaboración co profesorado:.....	51
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....	53
AUDICIÓN E LINGUAXE.....	57
PROGRAMA ACOMPAÑA.....	59
13. BIBLIOTECA.....	62
14. RADIO ESCOLAR.....	70
15. ANPA.....	74

1. INTRODUCCIÓN. INFORME DE DIRECCIÓN

En cumprimento do disposto no Decreto 374 e na orde do 22 de xullo de 1997 polo que se regula o ROC o equipo directivo deste Centro, xunto co Claustro de Mestres, elaborou a presente memoria de curso 2022-23, na que se avalían os aspectos e contidos das propostas feitas na Programación Xeral Anual; os seus obxectivos, dificultades ou as medidas propostas en cada caso.

Destacamos neste apartado, e a modo de resumo, os aspectos máis importantes e notas máis relevantes acontecidas durante o curso:

Persoal do centro

O profesorado adscrito ó centro neste curso é de 20 mestres. Como mestres itinerantes están : a orientadora, unha mestra de relixión e a mestra de AL, que comparten a súa actividade docente con outros centros. Neste curso contamos cunha mestra de Ed. Primaria polo desdobre producido en 6º Ed. Primaria, no que contamos con 2 aulas.

- **Profesorado adscrito ó centro**

- 4 mestras de Ed. Infantil
- 6 mestres de Ed. Primaria
- 1 mestra de Linguas estranxeiras (inglés)
- 1 mestra de Linguas estranxeiras (francés)
- 1 mestra de Ed. Física
- 1 mestra de Ed. Musical
- 2 mestres de P.T.
- 1mestra de AL- Atención preferente
- 1 Orientadora
- 1 mestra de AL (Compartida)
- 1 mestra de Relixión Católica

- **Persoal Non Docente**

Neste curso contamos cunha coidadora asignada ó centro, para a atención de alumnado con NEAE.

Servizos do centro

Comedor escolar

O servizo de comedor, xestionado pola ANPA do centro, funcionou de forma ininterrompida dende o primeiro ata o último día de clase en modalidade de cátering a través da empresa “Arelas” cun custo de 6 € por comensal e día solto, ou unha cuota fixa en función dos días da semana que comeran. O número de comensais aproximados foi de 40 alumnos por día.

Servizo: “Aula madruga”

Esta actividade, organizada directamente pola ANPA do centro, desenvolveuse igual que o servizo de comedor escolar dende o primeiro ata o último día de clases presenciais. O servizo de “Aula Madruga” permite a aquelas familias que, por incompatibilidade co seu horario laboral, non poden traer ós seus fillos á hora de comezo das clases; deixalos no centro ata 1 hora e media antes do inicio do horario escolar ó coidado do persoal que se encarga da atención e da realización de actividades con estes alumnos. Dikir que a afluencia de nenos este curso aumentou, e tódolos días se precisou habendo nenos fixos dende primeira hora. Neste curso realizouse en colaboración co Concello de Mos.

Transporte escolar

Para a atención do alumnado de transporte escolar dende a chegada dos autobuses ata o comezo das clases e dende a saída dos alumnos ata a chegada do transporte, establecéronse quendas de garda de autobús entre o profesorado durante estes períodos de tempo. Esta atención queda cuberta con 3 mestres do centro de forma rotatoria durante todo o curso. O alumnado transportado accede directamente o interior do centro no momento da chegada dos autobuses, agardando en diferentes aulas en función da súa aula.

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Coa intención de potenciar a utilización da biblioteca escolar e o fomento da lectura, o centro forma parte dende o curso 2019-20 do Plan de mellora de bibliotecas escolares convocado dende a Consellería. A biblioteca abriuse para o préstamo de libros no mes de outubro, despois da formación de usuarios (de mestres e do alumnado). Dentro do PLAMBE, neste curso escolar participamos nos programas de “Radio na biblio”, “Biblioteca Creativa”, “Bibliotecas escolares solidarias”, “Clubs de lectura” e “Lectura e familias”.

Plan Proxecta

Neste curso o centro volveu participar no plan proxecta dentro da modalidade de **Proxecto Deportivo de Centro (PDC)**, a través do programa XOGADE, coa intención de promover a actividade física e un estilo de vida saudable. Neste curso retomáronse as actividades habituais: Carreira de campo a través, xornadas de dinamización intercentros, Voleibol, Atletismo en pista.

E-DIXGAL: Neste 2º ano de participación continuouse nas 2 aulas de 6º Ed. Primaria e implantouse neste curso na aula de 5º de ed. Primaria. Quedando deste xeito implantado en todo o 3º ciclo.

Programa de fomento do reparto de Froita e leite fresca

Neste curso participamos por 2º ano consecutivo na convocatoria do FOGGA aos centros educativos para o reparto de Froita fresca e leite durante 2 períodos ó longo do curso escolar. Cun resultado moi satisfactorio por parte do alumnado e o profesorado. O reparto de froita e leite realizouse a todo o alumnado do centro.

CP-INNOVA- EDU-Saude e EDU-Sostibilidade

Neste curso iniciamos a nosa participación nos contratos programa. Estas 2 modalidades están moi relacionadas co Proxecto deportivo de centro e o proxecto xeral do centro relacionado co coidado do planeta.

Programa Acompaña

Neste curso participamos no programa acompañá cuxo obxectivo era adecuar a resposta educativa ás necesidades ritmos e preferencias de aprendizaxe do alumnado con NEAE. Este programa estivo destinado ao alumnado de Ed. Infantil, e de 1º a 4º de Ed. Primaria.

Polos Creativos

Comezamos este curso a nosa participación neste programa cuxo obxectivo e o traballo nas competencias STEAM. Destacar o atraso na entrega dos materiais por parte da Consellería o que dificultou a realización do proxecto inicial (aínda non chegou todo o material). Por outra banda destacar os aspectos positivos e as posibilidades da parte do material que sí recibimos. O alumnado puido probar diferentes dos materiais a través de talleres impartidos polo profesorado.

Documentación do centro

Neste curso implantouse o “Plan Dixital” do centro, elaborado o curso pasado. Realizouse unha revisión e actualización do Plan de igualdade do centro e elaboráronse parte das concrecións curriculares pendentes estas de aprobación para desenvolverse o vindeiro curso escolar.

Administración e xestión económica de centro

Respecto da xestión económica, sinalar o gasto en conceptos como: gasóleo para calefacción, e material de papelería e oficina. Neste curso ademais fíxose unha importante inversión en material hixiénico.

- Resumo comparativo dos ingresos da Consellería en concepto de “Gastos de funcionamento de centro” nos últimos anos
 - Ingresos no exercicio 2018: 15.219 €
 - Ingresos no exercicio 2019: 15.247€
 - Ingresos no exercicio 2020: 11.324 €
 - Ingresos no exercicio 2021: 7.614 € (ademais de 5.085€ que se incluíron na conta Xestión Orzamento do 2020)

- Ingresos no exercicio 2022: 11.007 € (ademais de 5884 que se incluíron na conta Xestión Orzamento do 2021)
- Ingresos no exercicio 2023: 8302 € (ademais de 5577€ de adianto que se incluírán na conta Xestión Orzamento do 2022)
- Ingresos recibidos PLAMBE
 - Fondos: 1.570 €
 - Ingresos Radio na Biblio: 500 €
 - Ingresos Biblioteca Creativa: 1.324€
 - Ingresos Club de lectura: 600 €
 - Ingresos Lectura e familias: 2500 €
 - Ingresos Plan Proxecta
 - PDC-Xogade: 300 €
- Ingresos CP-Innova: 1,600 €
- Axudas EDLG: 398 €

Instalacións, equipamento, obras e arranxos

As obras de mantemento menores lévanse a cabo por parte do persoal de mantemento asignado ó centro. Das obras maiores e arranxos de importancia encárgase ben o Concello ou ben a Consellería de Educación.

Neste curso rematáronse parte das obras de mellora da eficiencia enerxética do centro, co cambio das ventás do centro.

Tamén se realizaron melloras no patio de Ed. Infantil, coa ampliación do soportal, ampliación da beirarrúa e instalación de céspede artificial así como substitución dos xogos do patio .

Estamos pendentes da renovación da pista exterior por desnivelado do firme.

Organización dos equipos, departamento e órganos de coordinación

- O Claustro e o Consello Escolar desenvolveron o seu labor, reuníndose cada vez que foi preciso e cumprindo as súas funcións organizativas e pedagóxicas. O

profesorado (equipos, coordinadores de ciclos...) levou a cabo as súas reunións e traballaron con regularidade como queda reflectido nas correspondentes memorias finais.

- O Equipo de Dinamización Lingüística, desenvolveu o seu labor de potenciación e dinamización da lingua galega.
 - O Departamento de Orientación quedou constituído cunha orientadora compartida co CEIP Feliciano Barrera (Ponteareas), unha mestra de PT definitiva neste centro e unha mestra de AL compartida, 1 mestra de AL de Atención preferente ao alumnado con NEAE e un mestre de PT provisional. O seu labor centrouse no diagnóstico, detección de necesidades e elaboración de programas de apoio e seguimento ó alumnado con dificultades e necesidades educativas, coordinando tamén as actividades de apoio e titoría.
- Ó longo do curso, o Equipo de Actividades Complementarias programou e colaborou nas diferentes actividades nas datas con eventos especiais: Entroido, Nadal, Maíos, semana das Letras Galegas. Tamén dedicou parte do seu tempo ó labor de decoración interna do colexio, con murais axeitados á época do ano na que estabamos e á realización do proxecto “Coidamos o noso planeta” , en colaboración co equipo de Biblioteca e do EDLG.
- Equipo Convivencia (Ver memoria respectiva)

Incidencias relevantes e dificultades atopadas.

- A nivel de aula resaltar a presenza de 2 mestres especialistas a tempo completo nas aulas para a atención de 2 alumnos con NEAE. Grazas á presenza destes mestres especialistas, e a boa coordinación que se estableceu entre o profesorado, non se produciron ó longo do curso graves problemas de convivencia como en cursos anteriores.

Queremos destacar que neste curso mantivemos e aumentamos os proxectos educativos nos que participamos dende o centro para buscar a mellora educativa (PLAMBE, Radio na biblio, Biblioteca Creativa, Club de lectura, Biblioteca solidarias e Lectura e familias, E-DI-XGAL, PROXECTA ,Proxecto de fomento do uso da lingua galega. CP-INNOVA, Programa Acompaña e Polos Creativos.

Axenda escolar 2022-2023

Exponse de seguido, a modo de cadro resumo, o calendario do curso no que se sinalan as datas máis significativas do calendario escolar

1º Trimestre	8 set: Inicio do curso escolar 12 outubro: Día da Hispanidade (non lectivo) 31 outubro: Día do ensino (non lectivo) 1 nov: Día de tódolos santos (non lectivo) 6 dec: Día da Constitución (non lectivo) 8 dec: Día da Inmaculada (non lectivo) 23 dec - 8 xan: Vacacións de Nadal
2º Trimestre	20,21,22 febreiro: Vacacións de Entroido 3-10 abril: Vacacións de Semana Santa
3º Trimestre	1 maio: Día do traballo (non lectivo) 2 maio: Día libre disposición do centro (non lectivo) 17 maio: Día das Letras Galegas (non lectivo) 13 xuño: Día da Rosa (Festivo local) 21 xuño: Remate das clases

2. EDUCACIÓN INFANTIL

As tres aulas de Educación Infantil tiveron neste curso un total de 48 alumnos/as, quedando repartido o alumnado do seguinte xeito:

- Aula de 3 anos: 16 nenos/as.
- Aula de 4 anos: 14 nenos/as.
- Aula de 5 anos: 18 nenos/as.

Na última semana do mes de xuño do curso 21/22, celebrouse unha reunión coas familias dos nenos/as de novo ingreso para a aula de 3 anos coa titora. Nela explicouse e deuse información sobre o período de adaptación, horarios e grupos.

Nos primeiros días do mes de setembro do curso 22/23, celebrouse unha reunión coas familias dos nenos e nenas de 4 e 5 anos. Ademais, a clase de 3 anos tivo entrevistas individuais durante os días 8 e 9 de setembro, onde se trataron aspectos relativos á situación persoal de cada alumno/a.

O período de adaptación dos nenos de 4º de Infantil (3 anos) organizouse do seguinte xeito:

1. Os días 12, 13,14,15 e 16 de setembro os nenos/as acudiron á aula de xeito gradual:
 1. O luns 12 e martes 13 o *grupo A* acudiu en horario de 9:30h a 11:00h e o *grupo B* de 12:00h a 13:30h.
 2. O mércores 14 e o xoves 15 os *grupos A e B* acudiron á aula de 9:30h a 13:00h.
 3. O venres 16 de setembro, acudiron os dous *grupos A e B* en horario de 9:30 a 13:30 h.
 4. A partir do luns día 19 todos os nenos/as permaneceron na aula durante toda a xornada escolar, de 9:15h a 14:10h.

Por outra banda, neste curso seguimos a traballar por proxectos, con materiais elaborados polas mestras. Tamén se empregaron cadernos de razoamento matemático e grafomotricidade, así como diversos recursos TIC.

En canto aos apoios recibidos por parte do Departamento de Orientación nesta etapa cómpre mencionar:

-Na aula de 3 anos (4º E.I.) recibiron apoio da mestra de A.L. 4 nenos/as e da mestra de P.T. 3 alumnos/as. Nesta clase están escolarizados 3 alumnos con NEAE, polo que na aula hai unha coidadora que atende as necesidades específicas destes nenos.

-Na aula de 4 anos (5º E.I.) recibiron apoio da mestra de A.L. 8 nenos/as e da mestra de P.T. 3 alumnos/as.

-Polo que respecta a aula de 5 anos (6º E.I.) foron un total de 5 alumnos/as os que recibiron apoio da mestra de A.L. e 2 nenos/as da mestra de P.T.

Dende o mes de febreiro contamos coa presenza dunha mestra de P.T. dentro do programa ACOMPaña, que complementa os apoios da mestra de P.T. do centro. Na clase de 4 anos apoia a 2 nenos e nenas e na clase de 5 anos a 1 alumno.

En relación as actividades complementarias, dicir que o alumnado de Educación Infantil participou en diversas propostas programadas dende os diferentes equipos docente de centro, tanto nas conmemoracións como nas celebracións máis sinaladas: Magosto, Nadal, Día da Paz, Semana dos experimentos, mochila viaxeira, Entroido, Día de Rosalía, Día da muller, Semana das Letras Galegas, os Maíos...,etc.

Tamén o alumnado de Infantil disfrutou de varios contacontos (Igualdade, Nadal, lingua de signos, Sabela Gago), a charla de Ecobechos e da asociación Nós Mesmas.

No terceiro trimestre realizamos dúas saídas: Museo do Mar de Vigo e Apípolis.

Como novidade este curso participamos no programa de almozos saudables, co reparto de froita e leite aos nenos/as en dous períodos de tempo ao longo do segundo e terceiro trimestre. Unha iniciativa moi ben acollida polas familias e o alumnado.

A valoración final do curso é positiva. En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos e a convivencia dentro das tres aulas de Infantil foi boa.

Agradecer ás mestras especialistas e ás mestras de apoio o seu traballo co alumnado de Educación Infantil.

3. PRIMEIRO CICLO

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula do 1º curso de Educación Primaria estivo integrado por 15 alumnos/as.

O equipo docente estivo formado polos seguintes compoñentes :

TITORA:	Alba Camino Seoane
ESPECIALITAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Marcial Amoedo Iglesias (Pedagogía Terapéutica) María Dolores Rúas Comesaña (Audición e Linguaxe) Raquel Domínguez Senlle (Música) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego (Relixión) Concepción Leirós Barreiro (Lingua estranxeira)

OBXECTIVOS:

Valoración/avaliación:

O alumnado do 1º curso comezou o curso cun nivel moi similar a excepción de 2 alumnos, que comezaron 1º de primaria sen ter adquiridos os mínimos de infantil.

Co paso do curso, presentaron heteroxeneidade en canto ao seu ritmo no proceso de aprendizaxe, no lectoescritor principalmente.

É un grupo onde hai necesidades educativas, con 4 nenos/as con diagnóstico que precisa unha atención individualizada e apoio dentro da aula, polo que sen apoio educativo é moi complicado chegar a atender todas as necesidades desta aula.

Levou a cabo unha adaptación curricular cun alumno no 1º trimestre.

A pesar disto, os obxectivos marcados para o primeiro nivel de Educación Primaria cumpríronse e resultou en xeral moi positivo. O avance e a evolución foi notable. Só hai dous alumnos que promocionan con materias pendentes por non ter acadado os obxectivos mínimos esixidos.

Propostas de mellora:

- Continuar cas mesmas horas de apoio na aula deste curso por parte do mestre de Pedagogía Terapéutica.

- Aumentar as horas de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica cunha nena en concreto para superar as súas dificultades na fala e no seu proceso de aprendizaxe.

2. Levar a cabo a medida ordinaria de atención á diversidade de “Agrupamentos Flexibles” para atender as necesidades educativas de maneira mais individualizada en caso de que os apoios en aula non puidesen ser os necesarios.

METODOLOXÍA:

Valoración/avaliación:

A metodoloxía empregada tivo un carácter flexible, xa que foise adaptando ás necesidades educativas e persoais de cada alumno e alumna.

Traballouse en equipos cooperativos durante todo o curso, facendo modificacións dos mesmos unha vez por mes e tamén traballamos por estacións, o que nos permitiu que as actividades se adaptasen ás necesidades do alumnado.

Baseouse en actividades que resultaron motivadoras para o alumnado e promoveron a creatividade e o traballo cooperativo.

Empregáronse recursos visuais e auditivos así como materiais escritos adaptados ás necesidades e características do alumnado.

Propostas de mellora:

Continuar na liña de metodoloxía empregada xa que considero que deu moi bos resultados.

AVALIACIÓN:

Valoración/avaliar:

Ao comezo do curso realizouse a avaliación inicial para comprobar o nivel curricular do alumnado adaptando os contidos e a metodoloxía despois do resultado de dita avaliación.

Á hora de avaliar empregáronse diferentes instrumentos como as rúbricas e escalas de observación. Tamén fixemos probas individuais orais e escritas, traballos en equipo...

Ademais tivemos en conta o traballo diario, a participación na aula así como o seu comportamento, a actitude, a caligrafía, a expresión oral e escrita...

Realizáronse a maiores actividades de reforzo e ampliación para os alumnos e alumnas que o precisaron. Avaliouse o grao de consecución das competencias nas diferentes áreas segundo os obxectivos a acadar.

Neste curso nove alumnos/as asistiron a varias sesións semanais de Audición e Linguaxe e tamén 5 alumnos/as a sesións coa especialista de Pedagogía Terapéutica.

Como titora presentei a solicitude de valoración ao departamento de Orientación de dous alumnos por distintas problemáticas (déficit de atención, dificultades no proceso de aprendizaxe...).

Co fin de que as familias participasen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas e estivesen informados da súa evolución académica e persoal, leváronse a cabo titorías periódicas ao longo dos tres trimestres do curso. Por outra banda fíxoselles chegar o boletín de cualificacións ao finalizar cada trimestre. Así mesmo estiveron informados telefónicamente e a través da aplicación Abalar cando así foi preciso.

Promocionan ao 2º curso de Educación Primaria os quince alumnos/as que integran o grupo. Dous deles o fan con varias materias sen superar ante a imposibilidade legal de repetir curso en 1º de Educación Primaria.

Propostas de mellora:

Continuar cos apoios e reforzos educativos que se precisen para seguir dando resposta ás necesidades académicas e persoais do alumnado.

2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula do 2º curso de Educación Primaria estivo integrado por 15 alumnos/as no curso 2022-23.

O equipo docente estivo formado polos seguintes integrantes:

TITORA:	Iria Cuevas Rodríguez
ESPECIALITAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Mª de los Ángeles Castro España (Pedagogía Terapéutica) Raquel Domínguez Senlle (Música) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego (Relixión) Mª Concepción Leirós Barreiro (Lingua estranxeira Inglés) Mª Vanesa Graña Fernández (Orientación)

OBXECTIVOS:

Valoración/avaliación:

O alumnado do 2º curso de Educación Primaria presenta unha gran heteroxeneidade en canto ao seu ritmo no proceso de aprendizaxe e ás súas necesidades de atención. Hai un grupo de alumnos que precisa de atención individualizada e apoio dentro da aula, xa que conta con grandes dificultades académicas, dificultade para manter a concentración e un grande déficit de atención.

A pesar de dita circunstancia a consecución dos obxectivos marcados para o segundo nivel de Educación Primaria resultou en xeral positiva. Só hai un alumno que non promociona ao 3º curso e dous alumnos que o fan con materias pendentes por non ter acadados os obxectivos mínimos esixidos para a superación destas.

Propostas de mellora:

1. Continuar cos apoios individuais na aula así como por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica nos casos do alumnado que o precisa para axudarlles a superar as súas dificultades e evolucionar favorablemente no seu proceso de aprendizaxe.
2. Contar coa colaboración das familias para que participen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

METODOLOXÍA:

A metodoloxía empregada tivo un carácter flexible, xa que estivo adaptada ás necesidades educativas e persoais de cada alumno e alumna. Baseouse na realización de actividades que resultaron motivadoras para o alumnado e que promoveron a creatividade e o traballo cooperativo.

Empregáronse recursos audiovisuais así como materiais escritos adaptados ás necesidades e características do alumnado.

Propostas de mellora:

Continuar a liña metodolóxica empregada baseada no fomento de aprendizaxes significativas e de carácter flexible para dar resposta ás necesidades de cada un dos alumnos/as tendo en conta as súas características persoais e de rendemento académico. Para que mellore levaranse a cabo máis actividades de carácter práctico, grupal e cooperativo.

AVALIACIÓN:

Cunha serie de probas de avaliación inicial comprobouse o nivel curricular presentado polos alumnos e alumnas do grupo adaptando os contidos e a metodoloxía á realidade

académica destes/as neste momento. As estratexias seguidas foron diversas: probas individuais orais e escritas, observación directa, revisión de tarefas, realización de traballos... Á hora de avaliar aos alumnos e alumnas tivéronse en conta ademais das probas escritas e orais, aspectos como o traballo diario, participación na aula, actitude, motivación, caligrafía, presentación dos traballos ou conducta. Realizáronse as maiores actividades de reforzo e ampliación para os alumnos e alumnas que o precisaron. Avaliouse o grao de consecución das competencias nas diferentes áreas segundo os obxectivos mínimos a acadar.

Neste curso seis alumnos/as asistiron a varias sesións semanais coa especialista de Pedagogía Terapéutica tanto dentro como fora da aula.

Co fin de que as familias participasen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas e estivesen informados da súa evolución académica e persoal, leváronse a cabo titorías periódicas ao longo dos tres trimestres do curso. Por outra banda fíxoselles chegar o boletín de cualificacións ao finalizar cada trimestre. Asimesmo estiveron informados telefónicamente e a través da aplicación Abalar cando así foi preciso.

Promocionan ao 3º curso de Educación Primaria catorce alumnos/as non superando un alumno o 2º curso. Dous dos catorce alumnos/as promocionan con varias materias sen superar.

Propostas de mellora:

Continuar cos apoios e reforzos educativos que se precisen tanto na aula como fora dela para seguir dando resposta ás necesidades académicas e persoais do alumnado.

PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS E EXTRAESCOLARES

Os grupos de 1º e 2º curso de Educación Primaria participaron activamente nas actividades propostas polos diferentes equipos de traballo do noso centro educativo, destacando as actividades englobadas dentro do proxecto de centro sobre a importancia do coidado do planeta (reciclaxe, cultivos ecolóxicos, coidado dos océanos, apicultura...).

As actividades celebradas foron:

- **O Agosto:** celebrouse un acto ao aire libre onde todos os alumnados/as do noso centro cantaron unha canción adicada ao agosto. Despois degustaron as castañas asadas e finalmente fixeron xogos populares con materiais reciclados. Para dita ocasión o alumnado confeccionou o portacastañas coas súas familias para empregalo o día do agosto e mostralo os días anteriores nunha exposición situada na entrada do noso centro educativo.

- **Xogo da Miñoca:** o alumnado de 1º e 2º asistiu a unha sesión lúdica relacionada coa temática da compostaxe enmarcada no proxecto de reciclaxe do noso centro educativo que tivo lugar o 9 de novembro onde a través do xogo da oca coñeceron a importancia de compostar e de como facelo.
- **Saída didáctica teatro Afundación de Vigo:** o 18 de novembro o alumnado de 1º curso de educación primaria xunto co alumnado de 2º asistiu á obra teatral didáctica “La aventura de aburrirse”.
- **Día da Violencia de Xénero (25 de novembro):** para dita ocasión os alumnos/as de 1º e 2º confeccionaron un pequeno mural que foi colocado nesa data na porta da aula. Nela puxeron palabras positivas a modo de gotas de auga regando a planta que saía dunha semente e en dita semente escribiuse 25N. Deste xeito integramos a celebración do Día da Violencia de Xénero dentro do proxecto de centro sobre o coidado do medio ambiente. Tamén traballaron sobre a canción “Pano corado” de Tanxugueiras.
- **Visita guiada Aeroporto de Peinador (Vigo):** o 25 de novembro o alumnado de 1º e 2º curso de educación primaria asistiu a unha visita guiada polo aeroporto de Vigo. Visitaron as diferentes instalacións do complexo e asistiron a unha simulación por parte do equipo de bombeiros.
- **Samáin:** O alumnado decorou coas familias cabazas para colocar na exposición do cole. As cabazas foron decoradas con elementos da natureza (landras, follas, sementes...). Ademais visitamos a exposición de libros de medo no recuncho de letura. O alumnado de 1º elaborou con materiais de refugallo a súa decoración para a aula.
- **Campionato de chapas:** o alumnado de 1º participou na competición de chapas ao longo do mes de novembro competindo co alumnado de 2º curso. Os gañadores de cada aula recibiron un diploma e un agasallo no acto de entrega de premios no que estivo presente todo o alumnado do noso centro educativo.
- **Actividade no multiusos das Pozas:** no mes de decembro os nenos/as asistiron a actuación dun mago no espectáculo “Le cirque” enmarcada dentro do conxunto de actividades organizadas polo Concello de Mos, onde acudiu todo o alumnado do centro.
- **Actividades Nadal:** os alumnos/as de 1º e 2º fixeron adornos con materiais reciclables para colocar na árbore de Nadal exposta na entrada do cole. Cantaron para os compañeiros doutras aulas unha canción de aguinaldo preparada pola mestra de música Raquel Domínguez. Na aula realizaron unha árbore de nadal onde cada día

un alumno/a recollía a súa carta adicada de parte doutro compañeiro/a. Tamén fixeron outros traballos plásticos relacionados co Nadal e escribiron desexos de Nadal para posteriormente darllos ao Papá Noel que visitou o noso centro e que levou a cabo un contacontos. Tamén fixeron un Obradoiro na biblioteca do centro.

- **Día da Paz 2023:** con motivo da celebración do Día da Paz 2023 levouse a cabo un acto ao aire libre nas pista do patio do noso cole o luns 30 de xaneiro. Durante o acto decorouse un mural con distintos adornos elaborados polo noso alumnado baixo o lema “Cultivamos a Paz no noso Planeta” (elementos da natureza como abellas, bolboretas, follas, flores...). Escoitamos todos xuntos o Manifesto de Paz redactado polo alumnado de 5º e 6º de educación primaria e finalmente cantamos a canción “aire” facendo ao mesmo tempo distintos xestos de linguaxe de signos preparados pola mestra de música Raquel Domínguez. Ao voltar do recreo escoitamos todos o programa de radio
- **Mochila viaxeira:** o alumnado de 1º e 2º participou nesta actividade proposta polo Equipo de Biblioteca. Levaron a mochila con libros para a súa casa por quendas e fixeron entre todos coa colaboración da súa familia un caderno con debuxos, fotos e textos que foi exposto na biblioteca ao final de curso.
- **Entroido:** para a celebración do Entroido leváronse a cabo unha serie de actividades ao longo da semana que concluíron cun desfile polos arredores do cole ante a presenza dos pais e nais. Durante a semana os alumnos/as viñeron disfrazados coas diferentes propostas do meco. No desfile os alumnos/as de 1º e 2º curso de Educación Primaria foron disfrazados de temática mariña. Os de 1º curso de peixes e polbos e os de 2º curso de fondo mariño. A elección da temática estivo marcada pola integración desta dentro do proxecto de centro.
- **Día Internacional da Muller 2023:** con motivo de dita celebración levouse a cabo un acto no patio do noso centro educativo. O alumnado cantou e bailou con coreografía a canción “Son muller” preparada pola mestra de música Raquel Domínguez. Para dita ocasión o alumnado confeccionou unha pulseira de lazo de cor morada co nome dunha muller importante para eles/as. Ao mesmo tempo inaugurouse a posta en marcha do proxecto de reciclaxe do noso centro coa conversión de dúas papeleiras en maceteiros decorados con motivos relacionados co Día Internacional da Muller.
- **Visita ao Centro Hípico Alazán de San Cosme:** o alumnado de 1º e 2º de educación primaria foi de visita ao centro hípico resultando moi motivadora para todos eles/as. Leváronos de visita guiada por tódalas instalacións do centro e montaron en cabalo nunha das pistas empregadas para os entrenamentos. Tamén tiveron a oca-

sión de observar e participar nalgunha das tarefas de coidado dos animais do centro así como de presenciar unha demostración de saltos por parte dun dos cabalos que soen asistir a competicións.

- **Taller de Xadrez:** no mes de marzo o alumnado participou nun taller de xadrez que tivo lugar na súa aula ao longo de catro sesións e que foi organizado polo concello de Mos. Resultou ser unha actividade moi motivadora para eles a través da cal traballaron sobre a importancia da capacidade de concentración á hora de levar a cabo con éxito calqueira actividade.
- **Actividade deportiva fútbol sala:** o alumnado de 1º participou nunha sesión desta actividade deportiva que tivo lugar nunha pista colocada para a ocasión no porche cuberto do patio do noso centro escolar.
- **Celebración Día da Poesía:** con motivo de dita celebración o alumnado de 1º recibiu a visita do alumnado de 3º na súa aula e posteriormente intercambiouse a lectura de poesía entre ámbolos dous cursos.
- **Visita do escritor David Rodríguez:** o alumnado de 1º recibiu a visita do escritor do libro “Super avoa”, David Rodríguez, o luns 8 de maio. O encontro tivo lugar na biblioteca do noso centro educativo e resultou moi motivador. Os nenos/as colorearon as súas súper avoas e fixeronlle unha dedicatoria a David, a modo de agasallo. O autor volveu a ler o libro co alumnado a modo de repaso, explicándolles algunha páxina e aquelas dúbidas que eles/as tiñan. Conversaron sobre o libro, o que mais lles gustou... ensinoulles outros debuxos que el confeccionou para outro libro e cantaron todos xuntos unha canción sobre a súper avoa. Finalmente asinoulles un por un o libro, engandindo unha adicatoria a través dun debuxo.
- **Visita escritora María Canosa:** o alumnado de 2º recibiu a visita da escritora do libro “Lobo Ramón”, María Canosa, o mércores 19 de abril. O encontro tivo lugar na biblioteca do noso centro educativo e resultou moi motivador. Para a ocasión levaron a cabo unha serie de traballos sobre o libro (pancartas de benvinda, debuxos, resumos...) que lle foron entregados a María a modo de agasallo. A autora conversou co alumnado sobre o seu libro, as súas personaxes e a motivación que a levou a escribir a historia. Finalmente asinoulles un por un o libro engadindo unha adicatoria, o que lles fixo unha gran ilusión a todos/as.
- **Celebración Día do Libro:** con motivo de dita celebración, o 24 de abril levouse a cabo a actividade do apadrinamento lector que consistiu no intercambio de leturas ao aire libre. Tamén se creou no noso centro un “punto adopta un libro” onde o noso alumnado puido escoller un libro para levar para súa casa.

- **Celebración Semana da Saúde:** con motivo de dita celebración fíxoselles chegar ás familias información sobre a unidade móbil de doazón de sangue ubicada ao lado do noso cole durante o día 24 de abril. O alumnado de 1º recibiu en referencia a dita campaña, un cuadernillo sobre dita temática así como un libro dos Bolechas sobre a saúde do que fixeron lectura colectiva na hora de ler.
- **Obradoiro Panadaría:** o alumnado de 1º e 2º curso participou nun obradoiro nunha panadaría situada na contorna do noso colexio o día 3 de maio. Unha vez alí poideron visualizar o proceso de preparación da masa, amasado con máquinas e forneado do pan. Posteriormente eles mesmos amasaron e déronlle forma ao seu bolo de pan. Finalmente poideron levalo para casa unha vez feito no forno industrial e tamén un bolo de agasallo para ca alumno/a. A experiencia resultou moi didáctica e divertida para todos eles/as.
- **Actividade “Descubre el Baile deportivo”:** con motivo do Día da Danza, o 29 de abril, establecido polo Comité de Danza do Instituto Internacional de teatro da Unesco no ano 1982 co fin de atraer a atención sobre o arte da danza e de homenaxear a danza como disciplina de arte Universal, o Concello de Mos organizou unha actividade de baile impartida por unha profesional desta disciplina, chamada Patricia. A través da súa experiencia en campionatos nacionais e internacionais amosoulles aos nenos/as do noso colexio como desenrolar habilidades deportivas e persoais dende as diferentes modalidades de baile. A actividade levouse a cabo o venres 5 de maio destacando entre os seus obxectivos máis importantes o transmitir o concepto de baile como unha actividade lúdica e, ao mesmo tempo, cun gran potencial educativo e deportivo. Tamén destacou a incidencia da actividade física como hábito saudable necesario así como espazo de relación social onde traballar valores como a tolerancia, o respecto, a boa convivencia, a disciplina ou o esforzo.
- **Celebración dos Maios:** para a ocasión os nenos/as de 1º e 2º prepararon unha canción con coplas que cantaron no acto dos maios celebrado ao aire libre na pista do noso colexio o día 10 de maio ante todo o alumnado restante, os mestres e as familias. Cantaron as coplas arredor da árbore dos maios confeccionada para a ocasión ao igual que o fixeron os mestres e os pais dalgúns alumnos/as. Tamén colaboraron na decoración da árbore traendo flores. 1º adicouse a facer colares de flores.
- **Actividade deportiva de tenis de mesa:** o alumnado de 1º e 2º curso participou nesta actividade deportiva o 15 de maio onde lles explicaron as regras do xogo e algunha técnica importante para comezar a xogar.

- **Campionato de bólas:** ao longo do mes de maio levouse a cabo o campionato de bólas entre o alumnado de 1º e 2º de educación primaria. Finalmente os gañadores e gañadoras dos diferentes cursos recibiron un diploma e un agasallo que lles foi entregado nun acto celebrado no patio cuberto do noso centro educativo ante a presenza da totalidade do alumnado así como dos mestres/as.
- **Charla sobre o mel:** o alumnado de 1º asistiu a unha charla sobre o proceso de fabricación e embasado do Mel de Galicia. A charla tivo lugar o venres día 11 de maio na aula de música do noso centro educativo e ao finalizar foille entregado un agasallo e un tarriño de mel a cada neno/a. Unha charla moi interesante xa que a excursión de fin de curso será en Apípolis.
- **Celebración Día das Letras Galegas 2023:** con motivo desta celebración, o 17 de maio de 2023, o alumnado de 1º fixo unha manualidade: un libriño onde se recollían os momentos mais importantes do autor ao que se lle adicaban as letras galegas, Francisco Fernández del Riego, fundador da Editorial Galaxia, a quen se lle adicou nesta ocasión a festividade das Letras Galegas.
- **Obradoiro de radio:** o venres 26 de maio o alumnado de 2º curso participou nun obradoiro de radio onde aprenderon as diferentes dinámicas precisas para levar a cabo dita actividade (necesidade do guión, modulación vocal, ritmo vocal, manexo da mesa de mezclas, partes dos programas de radio, parte técnica...).
- **Obradoiro alimentación:** o alumnado de 1º e 5º asistiron a un Obradoiro de alimentación impartido por Leticia, a mestra de Educación Física, sobre como facer batidos e bocadillos salubres e moi apetecibles a través de alimentos que debemos introducir na nosa alimentación. Incidiuse na importancia de levar unha alimentación equilibrada e saudable.
- **Obradoiro alimentación:** os alumnos/as de 2º curso de educación primaria asistiron a una actividade sobre almorzos saudables o luns 29 de maio. Prepararon un almuerzo saudable e o degustaron tras recibir consellos e diferentes propostas de alimentación saudable para esa franxa do día incidindo na importancia da alimentación e da combinación de ingredientes de xeito que resulte o máis nutritiva posible e que repercuta positivamente na súa saúde e vitalidade diaria.
- **Actividade Día dos Museos:** con motivo desta celebración o alumnado de 1º decorou xunto coas súas familias unha lámina do cadro de Van Gogh “El dormitorio en Arlés” que posteriormente foi exposto no noso centro educativo xunto cos coas láminas decoradas polo alumnado dos restantes cursos.

- **Día do Medioambiente:** con motivo desta celebración, o 5 de xuño, o alumnado de 1º curso levou a cabo unha actividade en equipo que consistiu na elaboración duns murais para concienciar á sociedade da importancia de coidar o medio ambiente. No mural cada grupo tiña que escribir que podemos facer para coidalo así como decoralo.
- **Obradorio “Saúde na escola”:** o alumnado de 1º participou neste obradorio onde traballaron as emocións, os tipos de familia, a autoestima... contidos moi importantes para o desenvolvemento dos cativos.
- **Obradorio de Radio:** o alumnado de 1º participou na súa primeira creación dun programa de radio xunto co alumnado do centro e do IES de Mos, onde contaron como se levou a cabo e en que consiste o noso proxecto de centro deste curso.
- **Obra teatral “O coelliño branco”:** o alumnado de 1º curso presenciou dita representación teatral interpretada polo alumnado voluntario da biblioteca escolar de 5º curso de Educación Primaria o día 6 de xuño.
- **Concerto didáctico:** o alumnado de 1º e 2º asistiu a un concerto didáctico a cargo da Escola de Música de Torroso celebrado no noso centro educativo o día 9 de xuño. Con esta actividade pretendeuse levar a cabo un acercamento ás diferentes especialidades instrumentais impartidas en dita escola así como das súas posibilidades técnicas e expresivas para despertar o interese polo estudo musical e a práctica instrumental nos nosos alumnos/as.
- **Actividade Día dos Museos:** con motivo desta celebración o alumnado de 2º decorou xunto coas súas familias unha lámina do cadro de Van Gogh “La noche estrelada” que posteriormente foi exposto no noso centro educativo xunto cos coas láminas decoradas polo alumnado dos restantes cursos.
- **Día do Medioambiente:** con motivo desta celebración, o 5 de xuño, o alumnado de 2º curso protagonizou un vídeo facendo unha presentación do mural que confeccionaron sobre cultivos ecolóxicos como proxecto final do traballado ao longo do curso sobre o coidado do noso planeta.
- **Proxecto sobre o coidado do noso planeta:** dentro deste proxecto o alumnado de 1º investigou sobre a reciclaxe que tivo como produto final a elaboración dos nosos recolectores de aula. Finalmente o noso proxecto levouse a cabo a nivel centro coa chegada do composteiro. Eliminaronse os recolectores das aulas e colocamos 3 nos corredores. 3 no 1º piso e outros 3 no 2º. Creamos carteis informativos con mensaxes sobre o coidado do medio e investigamos sobre os animais mariños e que de-

bemos facer para o seu coidado. Fixemos un video recopilatorio para amosar aos nosos compañeiros/as no Día do Medio Ambiente.

Dentro deste proxecto o alumnado de 2º investigou e levou a cabo distintas actividades sobre a temática dos cultivos ecolóxicos. Realizou un programa de radio en directo sobre o tema ao igual ca o programa de entrega de premios aos gañadores e gañadores do concurso sobre cultivos ecolóxicos. Traballou sobre o proxecto de cultivos ecolóxicos elaborando como produto final un mural con información, fotos e debuxos onde se recabou a información máis destacada sobre dita temática. O mural foi colocado na aula. A súa confección conlevou a búsqueda e recabación de información, a súa esquematización e á vez o traballo con recursos plásticos para decoralo e plasmar a información escrita e con imaxes do xeito máis completo, visual e claro posible. A actividade levouse a cabo a través do traballo cooperativo de todo o grupo-clase fomentando así a importancia da colaboración á hora de acadar obxectivos comúns. Finalmente o mural foi exposto no cole e levouse a cabo unha presentación deste por parte do alumnado de 2º ante outros compañeiros/as do noso centro educativo na segunda semana do mes de xuño de 2023.

- **Excursión Final de Curso:** o alumnado de 1º e 2º curso de educación primaria asistiu ao centro Apípolis como excursión de peche de curso. Trátase dun Centro para a Comprensión das relacións existentes entre os seres humanos e as abellas, encastrado nos Equipamentos para a Educación Ambiental. Apípolis pretende facilitar o acercamento a determinados procesos naturais, posibilitando que os visitantes poidan vincular as súas vivencias cotiás e eles, así como ás problemáticas que lles afectan. Durante a visita o alumnado participou en diferentes actividades encamiñadas a reforzar as mensaxes que transmiten. Ademais da visita a diferentes salas de exposicións o alumnado estivo en zonas de descanso así como para o xogo e tamén na sala de usos múltiples participando en distintos talleres. A visita incluíu unha charla presentación de benvida, a continuación a visita ao apiario (entraron vestidos/as de apicultores e observaron unha colmea aberta para visualizar conceptos aprendidos durante a visita á exposición de xeito práctico-visual), posteriormente participaron no proceso de obtención de produtos proporcionados polas abellas (extracción, colado e envasado en pequenos frascos da mel nun panal que os alumnas/as levaron para casa así como a confección dunha vela tras repasar o proceso de extracción da cera). Tamén participaron nun taller de transformación onde empregaron o mel para cociñar unhas deliciosas galletas que tamén levaron para as súas casas. Finalmente levouse a cabo co alumnado un taller de animación que incluíu a realización

de xogos así como a interpretación de diferentes cancións e o baile de danzas. A visita durou dende as 10:00h ás 17:00h incluíndo a merenda de media mañá e a comida. A excursión resultou moi interesante e enriquecedora para os nosos alumnos/as e estivo enmarcada no proxecto de centro sobre o coidado do Planeta destacando o importante papel que desempeñan as abellas na polinización e expansión da vexetación sendo as responsables da reprodución de gran cantidade de plantas. Forman polo tanto parte da biodiversidade da que todos dependemos para sobrevivir. Ademais producen alimentos comestibles para os seres humanos. Conceptos traballados con noso alumnado ao longo do curso escolar 2022-23 dentro do noso proxecto de centro e que puideron traballar durante a visita ao Centro Apópolis.

- **Obradoiro “Nós mesmas”:** O alumnado de 1º xunto co de 6º de infantil, participaron nun contacontos impartido por unha muller disfrazada de Pirata, que nos contou de maneira dramatizada a historia dun pirata un pouco diferente, que nos fixo reflexionar sobre o importante que é ter sempre un oco en todas as profesións e en todos os lugares independentemente no noso xénero.
- **Actividade de animación organizada polo concello o 19/06/23.**
- **Participación Revista do cole:** o alumnado de 2º realizou unha serie de traballos sobre os cultivos ecolóxicos que foron publicados na revista do noso colexio a través de diferentes textos e imaxes.
- **Festival de fin de curso:** o alumnado de 1º fixo unha coreografía bailando a canción do musical de “Grease”.

O festival foi celebrado o 21 de xuño no Multiusos das Pozas e nel participou a totalidade do alumnado do noso centro educativo levando a cabo distintas interpretacións artísticas.

O alumnado de 2º fixo unha coreografía bailando a canción “Girando sin parar”. Para a ocasión foron vestidos con roupa de cores. O festival foi celebrado o 21 de xuño no Multiusos das Pozas e nel participou a totalidade do alumnado do noso centro educativo levando a cabo distintas interpretacións artísticas.

4. SEGUNDO CICLO

3º CURSO DE EDUCACIÓN

TITORA	Susana Vázquez Alonso/Mª Begoña Roldán Peón
ESPECIALISTAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Mº de los Ángeles Castro España (Pedagogía Raquel Domínguez Senlle (Música, Sociais e Plástica) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego/Alba Mª Saavedra Alonso (Reli- xión) Concepción Leirós Barreiro(lingua extranxeira)

Neste curso escolar 2022/23 impartín docencia a un grupo de 14 nenos e nenas de cuarto de primaria, concretamente 11 nenas e 3 nenos.

Como aspectos salientables a destacar en relación ao alumnado da miña aula, dicir que é un grupo moi bo, cohexionado, traballador e participativo.

O clima de traballo é adecuado e todos acatan as normas

Ademais, conto con varios nenos e nenas que cómpre destacar:

Tres alumnos/as que acuden a apoio por diversos motivos (Solicitar máis información al D.O.)

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

En xeral, os obxectivos deste curso foron acadados, cun nivel medio-alto tanto na adquisición da competencia lingüística e matemática como coas demais competencias. Respecto dos resultados finais, os 14 alumnos neste caso promocionan a 4º con todas as áreas aprobadas.

O fomento da lectura mediante diferentes técnicas foi fundamental para promover a autonomía na aprendizaxe do alumnado e mellorar o seu rendemento escolar. Tódolos días despois do recreo, na hora de lectura establecida polo centro, promovíase a lectura de diferentes maneiras (lectura compartida, individual, en diferentes soportes...) e con distintos recursos; actividades de comprensión lectora, a mochila viaxeira, creación na aula de distintos libros .

Leváronse a cabo diversas metodoloxías, coa realización de actividades tanto individuais, en parellas (xogos, entrevistas) coma colectivas (experimentos, exposicións, gravacións),poñendo especial énfase no traballo cooperativo, a aprendizaxe por descubrimento e a realización de traballo por proxectos e tarefas de aprendizaxe integradas.

E por último comentar que empreguei a aplicación de abalarmóbil e o correo electrónico para poder comunicarme directamente coas familias e co alumnado e poder así resolver calquera dúbida ou pregunta que me quixeran comunicar, ademais de enviarme tarefas realizadas. Ademais de titorías trimestrais.

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula está integrado por 16 alumnos/as., un alumno incorporouse de xeito tardío por traslado.

O equipo docente de 4º de Educación Primaria estivo formado por :

TITORA:	Ana Mª Álvarez Rocha
ESPECIALISTAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Mº de los Ángeles Castro España (Pedagogía Raquel Domínguez Senlle (Música, Sociais e Plástica) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego/Alba Mª Saavedra Alonso (Relixión) Concepción Leirós Barreiro (lingua extranxeira)

Contexto da aula de 4º de educación primaria

Este curso o grupo de cuarto de Educación Primaria estaba formado por 9 alumnas e 8 alumnos. Se ben, no segundo trimestre, un alumno viu trasladado de Vigo.

Traballo na aula

Utilizouse unha metodoloxía variada: individualizada, proxectos, gamificación, dixital, experimentos, exposicións.

Continuamos traballando coa **aula virtual** do cole desde o primeiro día de clase cos libros dixitais de cada asignatura, cada lección de cada materia cun Power Point explicativo ao que adxunto **fichas interactivas** adicionais que os nenos/as facían e as enviaban a mestra, como complemento do traballo e as fichas interactivas de “Liveworksheets”.

Consecución dos estándares de aprendizaxe

Os estándares foron acadados, xa que a actividade lectiva desenvolveuse sen problemas.

Esta clase é un grupo bastante heteroxéneo coas súas propias particularidades.

Seis alumnos foron apoiados pola mestra de P.T, xa que presentaban diferentes NEAE. A finais do segundo trimestre dous alumnos foron dados de alta.

Respecto aos resultados finais, 3 alumnos promocionan con materias pendentes.

O alumnado restante, 13 neste caso promocionan a 5º con todas as áreas aprobadas.

SAÍDAS E ACTIVIDADES

1. Visita ao aeroporto.(3º e 4º)
2. Ginkana responsable. Impartida por profesionais do CIM.(4º)
3. Obra de teatro en Afundación, Nautilus. (3º e 4º)
4. Participación no programa xogade, campo a través e tenis de mesa.(4º)
5. Saída pola cortorna, Castrode Torroso, programa Libera. (3º e 4º)
6. Polo día da árbore, prantación de árbores autóctonas no Monte de Pereiras. (3º e 4º)
7. Polo día da Poesía, obradoiro de poesía. (4º)
8. Actividade Federación Galega de Fútbol(3º)
9. Actividade da Radio , visita de Damian Alonso (3º)
10. Obradoiro de Robótica. (4º)
11. Obradoiro de cata e mel. (3º e 4º)
12. Obradoiro de primeiros auxilios, impartido por Protección Civil. (4º)
13. Excursión fin de curso, casa Museo de Rosalía de Castro e o parque de Castrelos en Vigo. (3º e 4º)
14. Concerto didáctico, Torroso. (3º e 4º)
15. Realización do programa de radio o día da actividade Física, reparto de premios. (3º e 4º)
16. Charla Nós Mesmas. (3º e 4º)
17. Visita “ Mimo un can diferente”. (3º)
18. Visita Erika Esmorís autora de “Patio de Luces “ (3º)
19. Actuación de animación musical do Concello (3º e 4º)

Ademais participamos en todas as actividades e celebracións que realizou o centro:

CELEBRACIÓNS

Durante o curso as clases de 3º e 4º participaron nas actividades propostas polo equipo de actividades complementarias e de dinamización lingüística na decoración e nas actividades relacionadas coa exposición da entrada do colexio e nas actividades do proxecto de centro : “Coidamos o noso planeta”.

Este curso continuamos coas reformas na biblioteca e xa puidemos visitala e facer préstamos, igual que o curso pasado contamos coas mochilas viaxeiras como préstamo de libros e participación das familias. Na hora de lectura, facemos lectura grupal en galego ou en castelán e a partir de xaneiro traballamos o libro “Patio de Luces” de Erika Esmorís (3º) e “Papá Caníbal ” de Antonio Fraga. (4º)

Samáin – Tralallo individual na aula.

Magosto – Traballos individuais a nivel de titoría na área de artística. Participación na festa organizada no centro e desenvolvida no patio do colexio, onde cantamos unha cantiga popular galega, mantendo o grupo burbulla.

Participamos no campionato de chapas e bólas organizado polo EDNL. .

Nadal - Actividades individuais por titoría con traballos para adornar a aula.

Día da Paz – Tralallo individual na aula e decoración.

Entroido - Tralallo e disfraces a nivel de aula. (Semana do Meco e disfrace completo o último día). Disfrazámonos de espantallos, participando no pasarrúas do cole.

Muller científica e experimentos.

Día do Libro : traballamos o apadrinamento de aulas.

Letras Galegas: fixemos un traballo para a Revista “As Novas do Perral”.

Maios, cada aula axudou a elaborar un elemento ornamental que a profesora de música colocou no patio do cole. Participou na festa dos maios, cantando as coplas elaboradas polo grupo clase.

CONCLUSIÓNS OU PROPOSTAS DE MELLORA

1. Continuar reforzando o traballo relacionado co desenvolvemento das competencias, especialmente a competencia lingüística e a competencia matemática.
2. Empregar as técnicas de estudo (subliñado, esquemas, resumo) e orientar aos alumnos/as sobre os hábitos de estudo na casa, dar pautas sobre os lugares e horarios de estudo.

3. Potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula e na casa a través das distintas materias.
4. Manter o apoio, xa que resulta de gran axuda nos casos sinalados, reflectíndose positivamente nos resultados acadados polo alumnado.
5. Promover actividades e obradoiros de animación á lectura dende a Biblioteca do centro.

5. TERCEIRO CICLO

5º e 6º CURSO DE PRIMARIA

Valoración Xeral

Cunha avaliación inicial ao alumnado de 5º comprobouse o nivel curricular adquirido do alumnado no curso 2021-22 e estableceuse un punto de partida no proceso de ensinanza -aprendizaxe. As estratexias foron diversas, probas individuais orais e escritas, probas de comprensión lectora, observación directa, revisión de tarefas e pequenos traballos. Á hora de avaliar aos alumnos/alumnas consideráronse aspectos como: traballo diario, participación na clase, actitude do alumno fronte á materia, comportamento, resultados en probas escritas e en probas orais. Realizáronse actividades de reforzo e ampliación cos alumnos que o precisaron. Evaluouse o grao de consecución das competencias nas diferentes áreas segundo os indicadores para cada unha.

Participamos por primeira vez no "programa edixgal", o que fixo que todo o alumnado tivese un portátil persoal e posibilidades de acceder aos contidos de ensino da plataforma educativa EVA. Tamén traballamos con libros físicos.

A clase 5º de primaria tivo 14 alumnos. Neste grupo temos un alumno cunha adaptación curricular que contou durante o curso cun mestre de apoio na aula con 12 sesións semanais. Así mesmo 1 alumno precisou axuda mediante reforzo personalizado do mestre de apoio na aula e da titora para traballar as súas dificultades na lectura, escritura, cálculo e razoamento. A valoración xeral de 5º de primaria é positiva, aínda que hai que continuar reforzando os procesos matemáticos, comprensión lectora e o traballo por proxectos para afianzar aprendizaxes sobre todo no alumnado con dificultades de aprendizaxe.

A valoración xeral d e 6º curso 2022-2023 é positiva, as previsións eran de posibles repeticións que finalmente non se producen.

A clase de 6ºA tivo 16 alumnos. En xeral é un grupo que acadou maioritariamente todos os obxectivos propostos.

Deste grupo cinco alumnos e alumnas recibiron apoio da profesora de P.T. en diferentes sesións dentro da xornada escolar, nas áreas de lingua e matemáticas. Unha delas foi alta durante o primeiro trimestre por considerar que xa non o precisaba.

Na avaliación ordinaria, os 16 alumnos promocionan curso e etapa, dous levan avaliación negativa en C.N. e C.S.

A clase de 6ºB tivo 12 alumnos. A diferenza de número de alumnos debeuse a que nesta aula había un neno repetidor con problemas de conduta. Ademais da redución de ratio a aula contaba cunha profesora de apoio de AL a tempo completo. En xeral é un grupo que acadou maioritariamente todos os obxectivos propostos.

Os 12 alumnos iniciais no último mes pasaron a 11, por traslado dun alumno.

Na avaliación ordinaria, dos 12 alumnos que promocionan de curso e de etapa, un non superan os obxectivos de C.N. e C.S. e un non supera os obxectivos de matemáticas e por tanto levan avaliación negativa.

O desenvolvemento do traballo en xeral foi moi bo, o rendemento moi aceptable e moi agradable o traballo na aula. A convivencia entre o alumnado foi adecuada e non houbo problemas significativos de disciplina. A acción titorial desenvolveuse con normalidade e es-tivo marcada pola boa relación entre o titor, nais e pais.

5. Actividades complementarias

Como complemento ás actividades escolares establecidas, neste curso, o alumnado de terceiro ciclo desenvolveu as seguintes actividades complementarias:

1. Saída à escavación castrexa do “Castro de Pereiras” (setembro)
2. Saída ao aeroporto para a visita da terminal e das instalacións e dos bombeiros (outubro).
3. Charlas de alimentación durante o curso dentro do contrato programa(outubro).
4. Saída a Zamáns dentro do programa “deporte escolar” (novembro).
5. Posta en marcha do composteiro (novembro).
6. Actividade coa estación meteorolóxica do colexio para elaborar gráficas e vídeos sobre a temperatura, pluviosidade e presión atmosférica na semana da Ciencia (novembro).
7. Realización de experimentos no mes da ciencia en galego coa gravación posterior e visita á aula de 2º para levar a cabo os experimentos realizados (novembro).

8. Gravación no centro do programa de radio “Radio Emocionate” ao que asistiron personaxes salientables da vida mosense (Malvelas, Soledad castro...)(novembro).
9. Participación no pleno infantil do Concello de Mos co Motivo do día da Infancia (novembro).
10. Xincana de coeducación (decembro).
11. Charla do club vitaminas (decembro).
12. Preparación e actuacións polas aulas cos “cantos de Aguinaldo” .
13. Realización de tres obradoiros de cociña ao longo do curso, un de eles coa alumna- do de 1º como resultado da obtención dos produtos da horta(decembro).
14. Participación dos alumnos do voluntariado de 5º e 6º no mercado solidario de nadal para colaborar no proxecto “Mos axuda” do Concello de Mos(decembro).
15. Obradoiro creativo de nadal coa participación do alumnado voluntario de 5º aos alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria.
16. Charlas sobre discapacidade a cargo dun grupo representativo da asociación “Disca- mino” (xaneiro).
17. Celebración polo Día da Paz (xaneiro).
18. Charla informativa sobre Microcompostaxe dentro do programa Revitaliza da Depu- tación de Pontevedra (febreiro).
19. Saída ao centro Minergal (febreiro).
20. Charla sobre a importancia da muller na ciencia (febreiro).
21. Participación en diferentes actividades polo día de Rosalía (febreiro).
22. Saída ao multiusos para gozar da obra “Le cirque” (febreiro).
23. Preparación e celebración do entroido sobre o proxecto do centro: “os bechos do composteiro” (febreiro).
24. Saída ao Centro de Maiores : “Doral residencia” (marzo).
25. Obradoiro sobre de book-trailer co programa CAPCUT (marzo).
26. Saída ao IFEVI dentro do programa “Deporte na Escola” (marzo).
27. Saída ao museo de Pontevedra (marzo).
28. Saída Saída ao CEIP de Sanguñeda, dentro do programa “Deporte na Escola” (marzo).
29. Obradoiro de debuxo “Manga” (marzo).
30. Apadriñamento lector : apadriñamos ao alumnado de 3 anos léndolles un conto no patio do cole (marzo).
31. Obradoiro de retos matemáticos no día internacional das matemáticas (marzo).
32. Saída a feira INNOVA en Santiago de compostela (marzo).

33. Saída Naturnova (abril)
34. Visita de 3 alumnos/as e dúas profesoras do IES de Mos, para contar a súa experiencia, diferenzas, organización... no Instituto (abril).
35. Participación das familias na lectura de contos na aula (abril).
36. Elaboración dos materiais e participación na festa dos maois (maio).
37. Charla sobre violencia (maio).
38. Charla sobre o mel (maio).
39. Participación no obradoiro sobre tenis de mesa (maio).
40. Saída á piscina municipal para desenvolver a aula de E.F. Neste espazo (maio).
41. Realización de diferentes actividades sobre as Letras Galegas 2023 e o autor : Francisco Fernández del Riego". (maio).
42. Saída ao museo de Mar en Vigo (maio).
43. Visita de Héctor Cajaraville en 5º .(maio)
44. Saída ao CEIP Fernández López dentro do programa Deporte na Escola (maio).
45. Visita ao IES de Mos para coñecer as instalacións (xuño).
46. Obradoiro de radio a cargo de Pedro Iglesias dentro do programa de Radio na Biblio.
47. Visita da autora Fina Casalderrey en 6º (xuño).
48. Charla sobre igualdade : "Nós mesmas" (xuño).
49. Participación con diversos traballos para a revista dixital "As novas do Perral".
50. "A mochila viaxeira", permitiu achegarnos a novos libros e novas experiencias.
51. Participación de parte do alumnado de 5º e 6º como "axudantes de biblioteca".
52. Participación de parte do alumnado de 5º e 6º no Clube de Lectura da biblioteca.
53. Participación no programa "Almorzos saudables" proposto desde o departamento de E. Física.
54. Participación do alumnado "ambientación musical na hora de entada ao colexio".
55. Participación de todo o alumnado da aula en varios programas de radio.
56. Participación en varias charlas sobre o composteiro, para valorar a evolución da nosa compostaxe dentro do proxecto do centro .
57. Participación en diferentes charlas sobre a importancia da nutrición dentro do programa.

Outras actividades complementarias nas que participamos, foron todas aquelas que por tradición se fan no colexio: magosto, chapas, nadal, entroido, Día da Paz, bólas .

Moitas actividades foron propostas polo Equipo de biblioteca e de Actividades complementarias así como o departamento de Educación Física.

6. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

A ensinanza do inglés impartíuse dende o segundo ciclo de Educación Infantil (3 anos) ata o 6º curso de Educación Primaria.

- **Educación Infantil**

As clases nesta etapa estaban divididas en dúas sesións de 25 minutos cada unha, para todos os niveis.

O eixe principal das clases foi a comunicación oral polo que tódalas actividades estiveron baseadas nese principio. Ó longo dos tres niveis que compoñen a etapa de educación infantil pretendeuse iniciar ó alumnado na aprendizaxe da lingua estranxeira mediante:

A imitación e repetición de sons, palabras e frases significativas.

Usando unha perspectiva lúdica, xa que nesta etapa educativa o xogo permite partir dun enfoque globalizado, motiva ó alumnado a participar nas actividades da aula, esperta o interese pola lingua e os aprendizaxes adquiridos e adquiren maior nivel significativo posto que gardan relación coas experiencias reais do alumnado ou situacións da vida cotiá.

As actividades que se traballaron foron practicamente orais e interactivas precisando a participación activa do alumnado dende un enfoque lúdico, mellorando así a súa destreza auditiva. Realizamos xogos con flashcards relacionadas coas temáticas que se estaban a traballar na aula (números, cores, animais, días da semana,...), aprenderon cancións, leváronse a cabo unha serie de rutinas diarias onde se lles pregunta que tal están, cal é o seu nome, que tempo fai e o día da semana. Todo isto acompañado de material visual que permite ó alumnado familiarizarse coas cuestións a traballar cada día. Nesta mesma liña de traballo, por medio das actividades de TPR os nenos respondían corporalmente as mensaxes ou instrucións dadas.

Tamén se traballaron os seguintes temas relacionados con aspectos socioculturais da lingua estranxeira:

The seasons (as estacións)

Halloween (O Samaín)

Christmas (O Nadal).

St. Patrick's Day

Easter

Ademáis, colaborouse nalgún aspecto dos proxectos que estaban a desenvolver no centro. A valoración da consecución dos obxectivos e dos contidos propostos foi moi positiva ó longo do curso.

- **1º e 2º curso de Ed. Primaria**

O ensino de inglés no primeiro ciclo estivo repartido en dous grupos correspondentes ao 1º e 2º curso do mesmo.

Nestes cursos, o ensino do inglés (ó igual que no ciclo anterior) estivo baseado principalmente no uso de todo tipo de actividades de carácter dinámico, e de resposta física total (TPR) orientadas en todo momento a acadar unha mellora na destreza oral. Tamén se traballou a comprensión oral. O enfoque comunicativo foi o que dirixiu a comunicación oral, obxectivo prioritario deste ciclo, e a motivación sentou as bases para a aprendizaxe, de xeito que a atención foi máis intensa, a aprendizaxe máis rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira e a sociedade e cultura que esta implica.

Cos alumnos de 2º curso empezouse de maneira gradual e moi sinxela a introducir a destreza escrita (writing), sempre destacando a diferenza entre a pronuncia e a fala.

Entre os recursos empregados, mencionar o uso do libro de texto: All About us 1 e All About us 2, xunto cos recursos dixitais asociados e estes proxectos: contos, cancións, xogos, xogos interactivos e flashcards; así como material elaborado pola mestra xa que nas dúas aulas o alumnado presenta diferentes ritmos de aprendizaxe e na aula de 1º contase cun alumno con ACI.

En xeral conseguíronse tódolos obxectivos propostos aínda que nalgún alumno se apreciou algunha dificultade co que houbo que reforzalos cunha atención máis individualizada. Todos os alumnos superaron a materia.

- **3º, 4º, 5º e 6º curso de Ed. Primaria**

Nestes cursos de Educación Primaria, os resultados varían segundo cada nivel. En xeral, acadáronse satisfactoriamente os obxectivos previstos. Os alumnos e alumnas concienciáronse da importancia dunha correcta pronunciación do inglés e decatáronse da súa importancia como medio de comunicación dentro dun marco europeo.

Outro aspecto moi traballado foi a comprensión e produción oral, mediante diversos exercicios de audición e exposición oral, que lles permitiu afianzarse e coller seguridade ante o idioma.

Por outra banda, no referente á expresión escrita, foi traballada gradualmente dende o terceiro curso ata o sexto, incrementando en cada caso o nivel de dificultade dos textos a medida que se ían acadando as competencias orais de comprensión e expresión de ideas, vocabulario e estruturas lingüísticas.

En canto aos materiais, empregáronse unha gran variedade de recursos, tales como: vídeos, worksheets, flashcards, word cards, pósters, audios, textos sinxelos, etc.; e os libros de texto de **All About Us**, en versión dixital xunto co caderno de traballo correspondente **Activity Book** a partir dos que se traballaron as diferentes competencias lingüísticas: writing, reading, listening e speaking, así como compoñentes culturais propios dos países de fala inglesa. Nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria contouse coa ferramenta EDIXGAL que foi alternada a súa vez co Activity Book do proxecto All About Us da Editorial Oxford. Tamén se empregou material elaborado pola mestra xa que na aula de 4º contouse cun alumno procedente doutro país que se incorporou a mediados do curso e que non contaba coa materia de lingua estranxeira no seu sistema educativo. Ademais en 5º de Educación Primaria había un alumno con ACI polo que se procurou empregar a metodoloxía DUA para favorecer a integración e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Respecto dos **contidos actitudinais**, en todo momento procuráronse iniciar e consolidar actitudes de respecto ante os costumes e tradicións dos países anglosaxóns.

- **Avaliación de resultados**

A avaliación dos resultados estableceuse en base a consecución dos obxectivos propostos para esta área na PXA (Programación Xeral Anual).

- **Resumo xeral e dificultades atopadas**

As dificultades atopadas durante o curso varían dependendo da aula e das idades dos alumnos pero en xeral poderíamos resumilas nos seguintes puntos:

Ed. Infantil:

Dificultade para adaptarse as rutinas específicas da clase sobre todo no primeiro trimestre.

- **1º e 2º de Ed. Primaria**

Mellora a atención dos alumnos pero presentan moitas dificultades na lectura de textos simples en inglés xa que lles resulta moi difícil comprender que, a diferenza do español ou do galego, en inglés, escríbese dunha forma e pronúnciase doutra.

- **3º e 4º de Ed. Primaria**

Nestes cursos comeza a dárselle máis importancia á escrita e lectura de textos en inglés. En 3º curso, e especialmente no primeiro trimestre, teñen dificultades na escritura, polo que se decide darlle un enfoque principalmente oral no primeiro trimestre. Pasada esta primeira fase, en xeral, o rendemento, o interese e a curiosidade dos alumnos pola lingua estranxeira aumenta paulatinamente.

- **5º e 6º de Ed. Primaria**

Poderíamos dicir que son os cursos de maior produtividade por parte dos alumnos. A comprensión lectora aumenta considerablemente, son máis autónomos para a busca de información e o uso do dicionario. A comprensión oral e escrita é boa en xeral, e as maiores dificultades aparecen na consolidación das estruturas gramaticais, tanto na produción oral coma na escrita.

- **Conclusións e propostas de mellora:**

A avaliación en xeral é positiva xa que a maioría do alumnado do centro acadou os obxectivos mínimos propostos amosando unha actitude positiva cara a materia de lingua estranxeira.

En canto as propostas de mellora destacar a incorporación das ferramentas e actividades de Polos Creativos para afianzar e favorecer o aprendizaxe da lingua estranxeira. Tamén sería interesante establecer un espazo fixo ou concreto dentro das aulas ou nos corredores para todo o relativo a lingua estranxeira xa que o centro non conta con aula específica de inglés.

7. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A valoración do curso académico 2022-2023 foi positiva.

Dende a área de Educación Física promovemos a participación do centro no Plan Proxecta dentro do PDC, no cal resultamos seleccionados co noso proxecto (Ver memoria Plan Proxecta), e tamé a participación no CP-Innova (Edusaude), a través da inclusión dos descansos activos na nosa xornada escolar.

1º e 2º curso

Os obxectivos mínimos propostos alcanzáronse practicamente na totalidade dos alumnos. A maior parte melloraron o seu rendemento así como a concentración e a atención .

Os obxectivos relacionados coa Saúde e o coidado persoal melloráronse moito dende principio de curso, constituíndose o aseo como un hábito na rutina diaria da clase.

Os contidos desenvolvéronse segundo o previsto, con algunhas modificacións en canto a súa temporalización.

As dificultades atopadas nestes cursos foron principalmente a nivel de atención e autonomía (basicamente no momento do aseo persoal ó remate das sesións).

3º e 4º curso

Nestes cursos polas características evolutivas dos alumnos seguíronse traballando os obxectivos relacionados co corpo, a imaxe persoal e a percepción (espacial e temporal), independentemente de que nestes cursos tamén se incida nas habilidades básicas e específicas, introducindo paulatinamente as actividades predeportivas insistindo no coñecemento e aplicación das normas como elemento de socialización e na eliminación das actitudes agresivas nos xogos de oposición. Deberase insistir tamén nos obxectivos relacionados coa aceptación das normas e hábitos de hixiene.

Alcanzáronse os obxectivos mínimos fixados para cada un dos niveis, cun bo nivel de implicación por parte dos rapaces nas actividades propostas.

5º e 6º curso

Co alumnado de 5º e 6º traballáronse principalmente actividades predeportivas e de condicionamento físico, buscando que os nenos e nenas aumentasen os seus coñecementos e recursos para a práctica de diferentes actividades físicas.

Na aula de 5º de primaria, atopamos certas dificultades na continuidade das sesións pola presenza dun alumno con NEAE.

Os alumnos de 6º participaron en varias actividades deportivas organizadas no tempo de lecer que se engloban dentro do noso PDC.

Por outra banda, os equipos que se fixeron nas sesións diarias sempre foron mixtos de tal xeito que se pode dicir que no noso centro non se aprecian esas diferencias típicas que os nenos e nenas fan, ás veces, entre xogos de nenos e xogos de nenas.

Material e Instalacións

En canto o material, está no almacén en bo estado, coa excepción dalgún bloque de psicomotricidade, así como balóns que se terían que remplazar. Neste curso recibimos materiais específicos dende a Consellería e renovamos partes dos balóns específicos dos diferentes deportes.

Avaliación

En xeral considero a avaliación deste curso e de todo o proceso de ensino e aprendizaxe positivo, pois acadáronse os obxectivos previstos e os nenos e nenas participaron activamente, amosando moito interese pola materia na cal buscábamos o desenvolvemento integral do alumnado formándoos como persoas.

Propostas de mellora

De cara o vindeiro curso escolar 2023-2024, para o mellor funcionamento e conexión das Unidades Didácticas, reorganizaranse nos diferentes trimestres.

Así mesmo elaborárase un libro de fichas e traballo de aula para desenvolver os obxectivos das diferentes U.D. para aqueles alumnos con necesidades específicas temporais ou permanentes, que por diferentes motivos non poidan realizar Educación Física.

Para o curso que vén continuaremos traballando temas relacionados coa nutrición e a alimentación saudable e os obxectivos ODS que se poden incluír na nosa materia.

Tamén continuaremos coa proposta de facer os recreos máis activos e proporcionaremos aos alumnos diferentes materiais para a práctica deportiva, coa finalidade de crear un Patio Activo e continuar co PDC. Así como tratar de obter maior implicación por parte das familias na práctica conxunta de actividade física.

8. ED. ARTÍSTICA: MÚSICA

VALORACIÓN XERAL

Este curso escolar resultou satisfactorio, pois, despois da pandemia, foi o primeiro curso que levamos a cabo sen restriccións, o cal para a actividade de música, resulta moi cómodo, tanto á hora de manipular instrumentos, como de realizar actividades de movemento, etc. A nivel musical, foi un curso bastante creativo, pois fixemos bastantes actividades de creación propia, algo que resulta moi motivador, tanto para o alumnado, como para a mestra.

Educación Infantil.

A música en Ed Infantil resulta unha experiencia moi satisfactoria, xa que é unha maneira de introducir o gusto da mesma por parte do alumnado máis pequeno. Fixémolo a través de xogos, de cancións, de movemento e de baile. Ademais fixemos un achegamento aos distintos tipos de instrumentos de forma manipulativa e a través de xogos de discriminación auditiva. A resposta do alumnado foi moi boa, implicándose con moito interese nas actividades propostas.

1º e 2º de E. Primaria.

Introduciuse aos alumnos na nomenclatura convencional a través de diferentes xogos musicais, audicións e cancións. Por outra banda, empezáronse a explorar as posibilidades dos instrumentos de pequena percusión a través da manipulación, de distintas audicións e da iniciación á súa clasificación por familias. Tamén traballamos a expresión corporal a través de distintas coreografías e xogos de movemento.

En xeral, o alumnado de 1º e 2º curso presentou unha actitude moi positiva ante a asignatura, presentando gran interese e motivación, así como unha actuación participativa e cooperativa. Os contidos desenvolvéronse segundo o previsto, pero na clase de 1º, ao haber un alumno con ACS, e tres máis con necesidades educativas, cambiamos en xeral a metodoloxía para todo o alumnado, traballando os contidos teóricos dun xeito máis práctico e manipulativo. Valoro de xeito positivo o apoio recibido nas sesións da mestra de PT, o cal facilitou moito o meu labor, sobre todo naquelas actividades que requerían dunha atención máis individualizada. Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos previstos tanto en 1º como en 2º curso.

3º e 4º de E. Primaria.

Nestes cursos profundizouse no coñecemento de notas e figuras musicais, principalmente a través de exercicios e traballos de clase, e continuouse co desenvolvemento da

interpretación corporal. Completouse o espazo con audicións activas de diversos estilos musicais e un pouco de interpretación vocal e instrumental.

As sesións desenvolvéronse con normalidade, e todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

5º e 6º de E. Primaria

A materia centrouse no desenvolvemento en máis profundidade da grafía convencional e os conceptos musicais, con interpretacións de distintas cancións acompañadas de distintos instrumentos. Ademais, co alumnado de 6º, realizamos un traballo de investigación e creación de instrumentos musicais con material de refugallo, contribuíndo así ao PDI do cole.

En 5º, a mediados de curso, e debido a unha reestruturación de horarios no centro, recibín o apoio na aula dun mestre de PT para un alumno con NEAE, que se negaba a realizar determinadas actividades, resultando de grande axuda, e a mellora deste neno foi notable. De cara o vindeiro curso, penso que poderemos prescindir de dito apoio.

6º estivo formado por dúas clases, 6ºA e 6ºB. Nunha das aulas de 6º, debido a un alumno con NEAE, contei tamén cun apoio moi importante dentro da aula en todas as sesións, que serviu de grande axuda en momentos puntuais, xa que cada vez eran menos os momentos críticos con este neno.

Quero destacar positivamente a continuidade deste apoio da mestra de AL, especialista, iniciado xa o curso pasado, xa que a mellora deste neno foi moi notable dende que dispuxemos deste apoio.

Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

MATERIAIS

Utilizáronse fichas nas que se foron rexistrando todos os apuntes, partituras e exercicios propostos para a asignatura, unha carpeta para gardar ese material, e unha libreta de pautas. Utilizamos tamén os instrumentos escolares dispoñibles no centro (xilófonos, metalófonos, pequena percusión...), así como a frauta doce a partir de 3º.

Empregamos tamén para todos os cursos un proxector xunto co equipo de música e o ordenador, o que supuxo un recurso moi práctico e moi útil.

Este ano continuamos coa aula virtual do cole, utilizándoa nos cursos de 3º e 4º en actividades puntuais. A idea é seguir mellorándoa pouco a pouco e seguir traballando con ela. Este curso, continuamos con Edixgal con 6ºA e 6ºB, que xa se iniciara o pasado curso, e iniciámonos en 5º. A idea é seguir contando con esta ferramenta, e sacarlle máis partido para o vindeiro curso.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

En colaboración co grupo de actividades complementarias, e sempre dentro das actividades previstas para cada un dos cursos na programación, leváronse a cabo as seguintes actividades, que están subidas na páxina web do cole.

- **MAGOSTO:** compuxemos e gravamos a nosa propia cantiga do Magosto, na que a letra foi composta polo alumnado dos distintos cursos do cole, e a música pola nosa mestra.
- **25 DE NOVIEMBRE:** co alumnado de 5º e 6º traballamos a canción “Pano corado”, de Tanxugueiras, e realizamos un videoclip da canción.
- **NADAL:** como cada ano, fomos pedir o **aguinaldo** polas clases. Cada curso aprendeu unha panxoliña, e foi cantala a dúas clases diferentes, recibindo o correspondente aguinaldo en cada unha. Pasámolo xenial!

Ademais, neste curso retomamos a nosa visita ao IES de Mos, visita que nos vimos na obriga de suprimir debido ao Covid, e que nos fixo moita ilusión retomar este ano.

- **DÍA DA PAZ:** este ano, para celebrar o Día da Paz, traballamos a canción “Aire”, de María Fumaça, e gravamos un vídeo con todo o cole intepretándoa con lingua de signos.
- **DÍA DE ROSALÍA:** para celebrar este día, desde a aula de música, co alumnado de 3º e 4º traballamos a canción “Has de cantar”, incluída no disco de Rosalía pequeniña, e ilustrámola con debuxos feitos polo alumnado.
- **FESTA DOS MAIOS:** para celebrar a chegada da primavera, como cada ano, celebramos a nosa tradicional, na que todo o cole participa traendo material para elaborar o Maio: Infantil e 1º flores, 2º e 3º ovos, 4º laraxas e limóns, e 5º e 6º fiúncho, e participando na elaboración do Maio. Ademais, cada clase prepara coa súa titora as súas coplas, que logo ensaian na clase de Música, para logo cantalas o día da Festa dos Maios, que se celebra no patio do cole.

Este ano volvemos contar tamén coa participación do profesorado e das familias.

- **HIMNO DA NOSA ESCOLA:** o ano pasado creamos o Himno da nosa escola, no que participou cantando todo o alumnado do cole. Este ano, co alumnado de 6º, realizamos un guión, gravamos e creamos o vídeo do noso himno.
- **1º CONCERTO NA BIBLIO:** este ano levamos a cabo o 1º concerto na biblio, unha iniciativa que parte desde a biblioteca e que no que participou o alumnado voluntario que sabía tocar algún instrumento. Tivo unha moi boa acollida e resultou moi ben a

actividade, tendo previsto retomala o vindeiro ano con varios concertos ao longo do curso.

- **FESTIVAL DE FIN DE CURSO:** dende a aula de música fixemos a nosa aportación, preparando co alumnado as seguintes actuacións:
 - ✚ “As campás”: instrumentación Orff co alumnado de 3º.
 - ✚ “Sombras chinesas” : instrumentación Orff co alumnado de 5º.
 - ✚ “Pasodoble dos cabezudos”: acompañamento con instrumentos de música tradicional cun neno de 6º de Infantil e unha representación de alumnado de 3º.

AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

A avaliación xeral que fago deste curso é moi positiva, pois todo o alumnado do centro acadou os obxectivos mínimos propostos, e a inmensa maioría amosou unha actitude positiva cara a materia. Ademais foi un curso moi creativo, no que creamos as nosas propias cancións en varias ocasións, e ademais gravamos o vídeo do Himno da nosa escola.

Como propostas de mellora, para o vindeiro ano, sería positivo seguir cun apoio de PT dentro da aula na clase de 2º, e en principio, probar a retirar o apoio na clase de 6º.

9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de Dinamización da Lingua Galega, como tiña previsto no proxecto inicial, reuniuse periodicamente, para programar, elaborar proxectos, desenvolver os programas e actividades xa iniciadas no curso anterior e dar a coñecer as novas. Asemade, desenvolver actividades en colaboración co concello, coa ANPA e coas familias do centro.

Ademais os membros de EDLG mantivemos reunións periódicas con todo o claustro de profesores para organizar e planificar aquelas actividades que inda sendo propostas polo equipo afectaban a tódolos membros do centro e especialmente cos coordinadores de actividades complementarias e de biblioteca cos que, como no curso pasado, programamos e organizamos diferentes actividades en común.

Durante o mes de xaneiro preparouse a tramitación do “Proxecto de fomento de uso do galego” que foi remitido ao Servizo de Política Lingüística a finais de xaneiro.

A primeiros de xuño confirmouse a aprobación do proxecto por parte da Consellería de Educación, sendo a cantidade aprobada de 398 euros.

ACTIVIDADES

O EDLG xunto con todo o claustro, ANPA, familias e o Concello de Mos, desenvolveron as seguintes actividades que teñen como obxectivo fundamental seguir normalizando a lingua a través do exemplo diario, tanto nas conversas co alumnado, como cos pais e nais , así como con aquelas persoas que se achegaron ao centro, en resume que a nosa lingua sexa empregada cada día máis e mellor.

Todo o proxecto tivo como fío condutor o desenvolvemento de todas aquelas actividades que nos veñen suxeridas dentro do calendario escolar e promocionando ao mesmo tempo aquelas que vimos que por arraigo no noso centro, xa gozan dunha aceptación. Quixemos colaborar, na medida do posible, co PDI do noso centro, que este ano era **“Coidamos o noso planeta”**.

As actividades aquí reflectidas son aquelas que se programaran ao inicio de curso, e que se levaron a cabo.

<ul style="list-style-type: none">- Actividades relacionadas co tema “Coidamos o noso planeta”.- Creación de códigos Qr para proporcionar información á comunidade educativa sobre diferentes actividades do Centro.- Actividades nas aulas por Samaín.- Decoración vestíbulo centro “Samain- Magosto”.- Concurso “castaña máis grande, castaña máis pequena”.- Elaboración de portacastañas.- Campionato de chapas.- Cantiga do Magosto- Mes da ciencia: cada aula fixo un proxecto diferente para conmemorar o mes da ciencia.- Campaña de animación á lectura: “Polo Nadal un libro a regalar”- O Nadal:	<ul style="list-style-type: none">- “A mochila viaxeira”.- Letras galegas:<ul style="list-style-type: none">- Traballo interactivo a través da web do “Seminario Galán”, “Primavera das letras” sobre a persoa e obra de Francisco Fernández del Riego.- Exposición de cartaces sobre o autor.- Recitado de poesía interaulas.- Revista dixital “As novas do Perral”.- Podcast “Biografía en verso” sobre Francisco Fernández del Riego.Vídeo “Biografía en verso” sobre o autor homenaxeado.- Visita de varias escritoras, autoras dos nosos itinerarios lectores.- Entrevista na nosa radio a algunha das escritoras que nos visitaron.- Campionato de bólas.- Programa “Almorzos saudables”.- Utilización de materiais didácticos para a
---	---

<ul style="list-style-type: none"> - Decoración do vestíbulo. - Cantos de Aguinaldo. - Recollida de cartas polos paxes. - A Paz: Canción: “ Aire”, de María Fumaça, interpretada en lingua de signos. - Realización de diferentes actividades en torno ao Día de Rosalía. - O Entroido. - Ambientación musical en galego á entrada do colexio. - Radio Petela. Diversos programas sobre as conmemoracións ou festas escolares, traballos de aula.... - Proxectos en Infantil. - A auga - As árbores - As abellas - Os pingüíns 	<p>lectoescritura.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de materiais didácticos para a atención á diversidade. - Actualización da Páxina Web do centro. - Conmemoracións e celebracións dentro do Centro : (Paz, Día do libro...). - Charlas sobre discapacidade (Discamino), Igualdade (Nós mesmas)... - Celebración de torneos intercentros dentro do programa “Deporte na escola” - Utilización do material da aula de Polos Creativos para a impresión de logos en camisetas, chapas, elaboración de marcapáxinas de tea... - Maíos: Preparación de cantigas, ensaios e elaboración do Maio entre todos. Celebración do maio no patio do colexio. Gravación e montaxe do vídeo do Himno da nosa escola. Festa de fin de curso.
---	--

Avaliación e propostas de mellora

A avaliación deste curso académico (2022-23) considérase positiva, xa que puidemos levar a cabo todas as actividades normalmente, xa sen ningún tipo de restricción.

Como proposta de mellora de cara ao vindeiro ano, distribuír mellor o traballo entre os distintos compoñentes do equipo de Dinamización, sobre todo naqueles momentos nos que se xuntan moitas cousas, arredor do mes de maio, en torno ás Letras Galegas.

10. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .

Esta memoria fai referencia ás actividades complementarias

O equipo quedou formalmente constituído no mes de setembro. Os seus membros son: Sandra Campos (coordinadora), Yolanda Pereira, Ana M^a Álvarez, Paula Rodríguez e María Iglesias.

Ao longo do curso tivemos diversas reunións para planificar o noso traballo.

Este curso 2022/2023 decidiuse, xunto co Equipo de Dinamización da Lingua galega e o Equipo de biblioteca traballar un proxecto común: "Coidemos o noso planeta". En canto ás celebracións, conmemoracións e saídas realizadas ao longo do curso escolar, cómpre mencionar.

CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS

O outono

Decoración do vestíbulo

O Samaín

Ambientación de Samaín, engadida á decoración de outono do vestíbulo

Decoración das portas de cada aula

Cabazas decoradas polos nenos/as nas súas casas . Exposición no vestíbulo.

Día dos dereitos da infancia

Celebrado en cada aula

O Magosto

No mes de novembro celebramos o Magosto facendo varias fogueiras no patio nas que asamos castañas que degustamos posteriormente divididos por zonas. Ademais os porta-castañas que trouxeron da casa expuxéronse no vestíbulo.

O día do magosto celebrouse o tradicional xogo de chapas e canicas entre os nenos/as das distintas aulas de primaria.

O Nadal

Decoración de inverno-Nadal no vestíbulo

Decorouse a árbore de Nadal con adornos con material de refugallo elaborados polos nenos/as nas súas casas .

O Entroido

Decorouse o vestíbulo con ambientación desta temática

As ordes do Meco indicaban traer da casa un adorno nunha parte do corpo diferente cada día

As fotos dos nenos/as disfrazados coas ordes do Meco expuxéronse nas cortizas da planta baixa.

O venres, día da celebración de Entroido, fixemos un desfile pola contorna do colexio .(Con temática relacionada co medio ambiente).

Primavera

Decoración do panel do vestíbulo con temática de primavera e coa aportación por parte dos nenos/as de bolboretas de papel elaboradas en clase que decoraron unha árbore .

Celebración dos Maios

Cada clase preparou un maio coa mestra de música.

Cantáronse os maios en conxunto no patio do colexio, con presenza dos pais/nais.

Ademais entre todos elaboraron adornos para decorar o maio que estivo exposto na entrada do colexio.

Día de Europa

Traballouse en cada clase.

Día das Letras Galegas

Este ano cada clase realizou distintas actividades referidas ó autor homenaxeado ,Francisco Fernández del Riego e preparouse a revista coas aportacións de cada aula.

Día do Medio Ambiente

Difusión dos traballos realizados en cada aula en referencia ao proxecto común de centro “Coidemos o noso planeta”

Realizáronse vídeos e exposicións.

Primaverán

Decoración do vestíbulo coa colaboración das aulas de infantil (barcos e praia)

Fin de curso

Festival de fin de curso no Multiusos , con presenza de pais/nais.

SAÍDAS

As recollidas nas diferentes memorias de ciclo.

AVALIACIÓN

A avaliación deste curso académico (2022-23) considérase positiva, xa recuperada a normalidade, podendo facer as actividades propostas sen ningún tipo de restricción.

Cabe destacar a colaboración inestimable de todo o profesorado que participou na preparación das actividades e na decoración do centro.

11. EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE

O Equipo de Convivencia e Igualdade estivo formado polos seguintes integrantes durante o curso 2022-23:

- Leticia Blanco Collazo (Ed. Física/Dirección do centro)
- Alba Camino Seoane (1º Educación Primaria)
- Iria Cuevas Rodríguez (2º Educación Primaria/Coordinación equipo)
- Marcial Iglesias Amoedo (Pedagoxía Terapéutica)
- Rosa Novoa Gallego (Relixión)
- Vanessa Rodríguez Moreno (Apoio Educación Infantil)

O Plan de Traballo seguido polo Equipo de Convivencia e Igualdade ao longo do curso escolar 2022-23 estivo baseado na consecución dos seguintes obxectivos:

- 1.** Traballar no Plan de Mellora da Convivencia e Igualdade revisándoo e adaptándoo ás necesidades máis destacadas do centro seguindo a liña de traballo adoptada no curso pasado, incorporando ao mesmo tempo novas estratexias pedagóxicas que axuden a dar resposta ás mesmas.

- 2.** Traballar sobre a necesidade da reciclaxe e o coidado do medio ambiente, incidindo na importancia da colaboración de todos e todas no coidado do noso planeta.

- 3.** Dar a coñecer o protocolo de reciclaxe e coidado medioambiental que podemos seguir no día a día para colaborar no coidado do planeta.

- 4.** Promover a importancia das habilidades sociais baseadas nos valores de respecto aos dereitos dos demais e ás súas peculiaridades propias como medio para acadar una boa convivencia.

- 5.** Propiciar a resolución pacífica de conflitos por medio do diálogo, o respecto, a tolerancia, a comprensión e a escoita.

6. Potenciar actitudes de esforzo, motivación e superación como medios fundamentais para acadar o éxito escolar así como calquera obxectivo que nos propoñamos.

7. Levar a cabo distintas actividades que fomenten a cooperación, o respecto e o traballo en equipo para que sexan valorados como medios esenciais para acadar unha boa convivencia así como obxectivos comúns no noso centro educativo.

8. Promover a igualdade e o respecto entre home e muller como un valor fundamental na sociedade actual para previr situacións de violencia de xénero.

9. Destacar a importancia do acadamento da Paz no mundo así como a posibilidade de colaborar con dito obxectivo con pequenas accións da vida cotiá que se sustenten na xenerosidade, a solidariedade, a empatía e o respecto para cos demais.

As actividades realizadas para acadar os obxectivos anteriormente citados foron as seguintes:

- Con motivo da celebración do Día da Violencia de Xénero 2022 cada aula decorou unha planta para colocar na súa porta o día 25 de novembro facendo referencia ao proxecto de centro sobre o coidado do medio ambiente. Foron decoradas con palabras positivas e contrarias á violencia de xénero escritas dentro de gotas de auga. O día 25 de novembro colocáronse nas portas das diferentes aulas. Estas foron observadas e comentadas polos distintos grupos de alumnado do noso centro para levar á reflexión sobre a gran problemática da violencia de xénero e de cómo podemos colaborar entre todos para rematar con ela. Ao mesmo tempo fixéronse visitas á exposición de libros sobre igualdade no recuncho de lectura. Dita actividade foi organizada en colaboración co Equipo de Biblioteca.
- Con motivo da celebración do Día da Paz 2023 levouse a cabo un acto ao aire libre na pista do patio do noso cole o luns 30 de xaneiro. Durante o acto decorouse un mural con distintos adornos elaborados polo noso alumnado baixo o lema “Cultivamos a Paz no noso Planeta” (elementos da natureza como abellas, bolboretas, follas, flores...). Escoitamos todos xuntos o Manifesto de Paz redatado polo alumnado de 5º e 6º de educación primaria e finalmente cantamos a canción “Aire” facendo ao mesmo tempo distintos xestos de linguaxe de signos preparados pola mestra de música Raquel Domínguez. Ao

voltar do recreo escoitamos todos o programa de radio levado a cabo polo alumnado de 5º curso de Educación Primaria.

- Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller 2023 organizáronse unha serie de actividades xunto co Equipo de Biblioteca do noso centro para traballar esta data. Celebramos un acto no patio do noso centro educativo onde o alumnado cantou e bailou con coreografía a canción “Son muller” preparada pola mestra de música Raquel Domínguez. Para dita ocasión os alumnos/as confeccionaron unha pulseira de lazo de cor morada co nome dunha muller importante para eles/as. Ao mesmo tempo inaugurouse a posta en marcha do proxecto de reciclaxe do noso centro coa conversión de dúas papeleiras en maceteiros decorados con motivos relacionados co Día Internacional da Muller, o 8 de marzo de 2023.
- Con motivo da celebración do Día do Autismo e en colaboración co Equipo de Orientación propúxose a visualización dunha curtometraxe para traballar nas aulas sobre dita temática.
- Leváronse a cabo actividades que promoveron a importancia do coidado do medio ambiente así como da reciclaxe e a compostaxe como medios para colaborar a dito coidado e conservar así en mellor estado o noso planeta.

12. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 31/07/98), refírese no artigo 15º.2 á memoria do Departamento de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador/a e determina que deberá recoller:

- a) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- b) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- c) Propostas concretas de mellora.

Así, dando cumprimento ao prescrito, este Departamento presenta a avaliación-memoria do presente curso que foi elaborada a partir do establecido no Plan de Orientación co obxecto de constatar a realidade das actuacións desenvolvidas e os aspectos sobre os que será necesario incidir no próximo curso.

1. Catalogación, Constitución, horario:

Catalogación: O CEIP de Petelos conta con Departamento de Orientación Compartido co CEIP Plurilingüe Feliciano Barrera (Ponteareas). O CEIP de Petelos é o centro base e é a súa vez Centro Adscrito do Departamento de Orientación do IES de Mos, xunto aos demais CEIP da Zona. E o CEIP Plurilingüe Feliciano Barrera é a súa vez Centro Adscrito do Departamento de Orientación do IES do Barral (Ponteareas).

Constitución: O día 20 de Setembro do 2022, procedeuse á constitución do Departamento de Orientación segundo sinala o artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. O Departamento de Orientación queda constituído polos seguintes membros:

- María Vanesa Graña Fernández, xefa do Departamento de Orientación.
- María Jesús Navarta Pardo, mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- M^a Dolores Rúas Comesaña, mestra especialista en Audición e Linguaxe (itinerante).
- Paula Rodríguez Pérez mestra especialista de Audición e linguaxe en horario total para aula de 6º B EP. (Mestra Preferente Conducta)
- Marcial Iglesias Amoedo mestre especialista de Pedagogía Terapéutica en horario parcial para aulas de 5º EP e 1º EP.
- Ángeles Castro España mestra especialista de Pedagogía Terapéutica (Programa Acompaña)
- M^a Yolanda Pereira Devesa, coordinadora de Educación Infantil.
- Iria Cuevas Rodríguez, coordinadora de 1º e 2º de EP.
- Ana M^a Álvarez Rocha, coordinadora de 3º e 4º de EP.
- Azucena Rodríguez Campo, coordinadora de 5º e 6º EP.
- Leticia Blanco Collazo, Directora.
- María Iglesias Domínguez, Xefa de Estudos.

Horario: A xefa do Departamento de Orientación dedicou a este centro tres días cada semana, (martes, mércores e xoves a tempo completo a excepción do último martes de mes que acude ao outro centro en horario completo). O seu horario foi de 9:15 a 14:15 tendo dúas horas de itinerancia, os mércores e xoves a 1ª hora.

As actuacións do departamento desenvolvéronse nos seguintes ámbitos:

A. Orientación para a organización e funcionamento do centro:

- Mantivéronse reunións de coordinación con distintos centros e institucións externos.
 - Departamento de Orientación do IES de Mos, ao que estamos adscritos para axudar ao alumnado no momento de transición ao Instituto e posterior información aos membros do Departamento de Orientación e ao Equipo Directivo.
 - Servizos Externos ao Centro. Reunións con diferentes Psicólogos/as de Gabinetes psicopedagóxicos que atenden a alumnado deste centro.
 - Coordinación para facer seguimento de alumnos do centro usuarios/as dos Servizos Sociais do Concello.
 - Coordinación multidisciplinar con Aldeas Infantís, Gabinetes externos, Servizos Sociais e profesorado do centro para facer o seguimento de alumnos de Educación Infantil e de Educación Primaria.
 - Equipo de Orientación Específico: Mantívose contacto co especialista en Trastornos de Conduta por un neno escolarizado en 5º de educación primaria e outro en 6º de educación primaria.
- Colaborouse nas revisións periódicas do PE e PXA.
- Seguimos o "Procedemento para a Atención á diversidade", no que se recollen os pasos a seguir para solicitar as demandas de intervención.
- Elaboráronse o Plan de Orientación, o Plan Anual de Actividades e a Memoria Final do Departamento de Orientación. Revisouse o Plan de Atención á Diversidade.
- Introducíronse os datos do DRDADI e DRDOrienta.

1. Puxéronse en marcha as propostas de mellora indicadas o curso pasado. En

concreto:

- Comunicouse aos titores coa maior brevidade posible os datos referidos ao alumnado que afecten a súa situación persoal e escolar.
- Continuouse co rexistro de entradas e saídas de tódolos documentos do Departamento de Orientación: informes que trae a familia, informes ou documentos elaborados polo propio Departamento de Orientación e que son entregados ás familias, solicitudes de valoración dos titores ao Departamento de Orientación, información de becas (solicitudes, denegacións, aprobacións, informes que os acompañan, outros).
- Realización de informes para os servizos de saúde.
- Solicitouse ás familias informes externos: médicos, gabinetes privados.
- Recolleuse por escrito as entrevistas familiares.

2. Continuación co libro de actas do Departamento de Orientación.

B. Orientación e colaboración co profesorado:

- ❑ Mantivéronse reunións semanais de coordinación cos mestres especialistas en PT e AL, nas que se realizou o seguimento do alumnado con NEAE. O horario de ditas reunións eran os xoves de 12:15 a 13:25.
- ❑ En colaboración cos mestres especialistas en PT e AL elaboráronse e reelaboráronse os horarios de apoio ao alumnado que atenden.
- ❑ Colaborouse na detección das necesidades educativas especiais do alumnado e no tratamento das mesmas.
- ❑ Asistencia ás sesións de avaliación e toma de decisións cara aos seguintes trimestres e próximo curso.
- ❑ Realización de reunións cos titores que demandan unha avaliación psicopedagóxica para recoller información e informar dos resultados.
- ❑ No 3º trimestre levouse a cabo unha visita dos nenos e nenas de 6º EP ao IES adscrito coa finalidade de facilitar a acollida deste alumnado o vindeiro curso. Tamén se recibíuse a visita dos alumnos de Bacharelato que están no IES e son antigos alumnos do centro que lles explicaron o funcionamento e as novidades do IES.

Orientación ao alumnado:

- Coordinouse, cos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e coas mestras especialistas en Audición e Linguaxe, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Levouse a cabo a preparación de acceso á ESO do alumnado de 6º de Educación Primaria.
- Realizáronse as avaliacións diagnósticas dos alumnos e alumnas demandadas polas familias e titores, ademais de revisar os xa existentes:

EDUCACIÓN INFANTIL:

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO
4º EI	1.-PT 3.- AL
5º EI	3.-Pt 8 .- AL

6º EI	1.- Pt 5.-AL
-------	-----------------

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º EP	5.-PT 8.-AL
2ºEP	6.-PT 2.-AL
3ºEP	4.-PT
4ºEP	6.-PT
5ºEP	4.PT + PT PREFERENTE
6ºA EP	6-PT 1-OR
6º B EP	3-AL PREFERENTE 1-OR

Orientación ás familias:

- Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado ao que se lle realizou unha avaliación psicopedagóxica, e unha vez rematado o informe, informóuselles sobre os resultados e o consello orientador.
- Individualmente, nos casos que se valorou oportuno, mantivéronse entrevistas titor-orientadora coa familia para tratar cuestións concretas relacionadas coa educación dos nenos e nenas.
- Individualmente, nos casos que o precisaron, informóuselle tamén sobre determinadas características dos seus fillos e fillas, ofrecéronse pautas concretas de actuación e orientáronse no uso de recursos e servizos do contorno (Asistencia Social do Concello) que deben complementala acción educativa desenvolvida no centro.
- Informouse sobre a solicitude de axudas ao alumnado con NEAE, elaboráronse os informes do Departamento de Orientación que acompañan ás solicitudes e tramitouse a súa solicitude en Inspección Educativa.

Dificultades atopadas por parte da Orientadora:

A principal dificultade que me atopo é o feito de que é un posto que abrangue moita responsabilidade e actuacións de moitos tipos, e non hai tempo para atallar todas as dificultades que se presentan ou para dar resposta a todas as demandas de avaliación de forma eficiente. Outra dificultade é a itinerancia, que non permite realizar un traballo continuado na semana. O nivel de traballo de ambos centros requiren maior horario de dedicación para facer intervencións eficaces.

Un centro de estas características precisa un Departamento de Orientación propio e ademais coas necesidades de este centro precisa certa continuidade para poder levar a cabo tódalas accións pendentes.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Priorizar a realización de informes psicopedagóxicos, realizáronse moitos INFORMES para os servizos de saúde.
- Establecer un calendario previsible de reunións cos distintos organismos, para poder xestionar a axenda e o tempo estimado de duración, cun marxe mínimo e máximo.
- A información recollida das entrevistas coas familias do alumnado deberá quedar recollida por escrito e asinada por ambas partes.
- Mercar outras probas que se consideren oportunas para traballar co alumnado que o precise e non as teñamos no Departamento de Orientación.
- Ter unha impresora no DO, para non estar baixando a recoller o impreso cada vez que se realice un documento.
- Revisión detallada dos expedientes do alumnado de cara o vindeiro curso.
- Seguimento detallado do alumnado nunha base de datos, para evitar a falta de información o chegar unha nova persoa. Aínda que o Do conta cunha Pt definitiva no centro, sería aconsellable tamén dispor desta base de datos, para realizar un seguimento detallado.
- Elaborar un programa de Educación emocional e Habilidades Sociais para traballar a nivel centro.

Neste curso 2022/2023 no centro educativo contouse con dúas persoas especialistas en Pedagogía Terapéutica, unha atendía ao alumnado con NEAE dos cursos dende 4º de E.I. ata 6º de E.P. e outra dedicábase, na metade do seu horario, á atención preferente dun alumno de 5º de educación primaria, e a outra metade do horario, apoiaba á clase de 1º de Educación Primaria, debida aos múltiples casos de necesidades que ten a aula, en concreto un TEA cun desfase curricular notorio en relación ao grupo clase, levando a cabo tarefas específicas para un alumno con ACI e traballando, en colaboración coa titora, co resto da clase.

Leváronse a cabo diversos apoios, tanto dentro como fóra da aula ordinaria, atendendo as características, posibilidades e dificultades de cada alumno.

A atención a estes alumnos con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) debería darse unha vez feita unha valoración e avaliación pola orientadora, quen determina a necesidade de derivalo á especialista de PT. Despois, dita especialista fai unha avaliación inicial pormenorizada co fin de elaborar un programa de intervención adaptado a cada alumno e segundo as directrices recollidas no Plan xeral de Atención á Diversidade.

1.- Atención a todo o alumnado.

Recibiron apoio de Pedagogía Terapéutica un total de 33 alumnos e alumnas ata o mes de febreiro pois incorporouse ao centro unha mestra de PT do programa Acompaña e distribuímos o alumnado.

As sesións semanais variaron en función das dificultades de cada alumnado e da idade na que se atopa.

-Educación Infantil:

-4º EI: 1 alumno.

-5º EI: 3 alumnos.

-6º EI: 2 alumnos.

-Educación Primaria:

- 1º curso: 5 alumnos.
- 2º curso: 6 alumnos.
- 3º curso: 5 alumnos.
- 4º curso: 6 alumnos.
- 6º A curso: 5 alumnos.

Este alumnado foi atendido por ambas mestras de PT (centro Petelos e Programa Acompaña). A partir do mes de febreiro a mestra de PT co destino definitivo no colexio atendeu aos seguintes nenos:

- 4º E I. : 1 alumno -5º E I: 3 alumnos. -1º E P: 5 alumnos – 6º A: 5 alumnos.

Dificultades atopadas neste centro:

- Trastornos do neurodesenvolvemento.
- Dislexia e/ou trastornos da aprendizaxe.
- Discalculia.
- TDAH
- TEA

2.-Valoración da coordinación coas persoas titoras e coas persoas profesionais externas ao centro educativo.

A coordinación coas diferentes persoas titoras foi periódica, tendo reunións trimestrais en cada avaliación, así como reunións cos gabinetes externos do alumnado que asisten a eles. Tamén resaltar a coordinación estreita co SAT (Servicio de Atención Temperá do Concello de Mos).

3.-Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado .

As actividades de reforzo levadas a cabo estiveron encamiñadas a mellorar aspectos como:

- As funcións executivas: atención, concentración, memoria e planificación.
- A adquisición e mellora da lecto-escritura.
- Expresión e comprensión oral.
- Expresión e comprensión escrita.
- Motricidade grossa e fina.
- As operacións matemáticas básicas así como a resolución de problemas.
- Hábitos de estudo e traballo diario.
- Habilidades sociais para mellorar as interaccións cos compañeiros.

A valoración foi positiva, pois na avaliación final os resultados mostraron avances significativos co respecto a avaliación inicial.

4.- Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora

Partindo da base que a maioría dos trastornos do neurodesenvolvemento son evolutivos, consideramos necesario que sigan traballando con apoio tanto dentro como fóra da aula ordinaria, polo tanto, en setembro do 2023, farase unha valoración das necesidades educativas para establecer unha resposta pedagóxica axeitada. Hai que salientar que a evolución da maioría do alumnado foi positiva.

1. Atención preferente.

O centro conta cunha praza de atención preferente que comezou no curso 21/22 para un alumno con NEAE, en concreto NEE. Este curso escolar estivo matriculado en 5º de EP. A evolución do alumno coa incorporación da preferente foi notoriamente satisfactoria, e debido ás necesidades que presentaba o curso de 1º de EP, decídese que o profesional preferente interveña a tempo completo entre estes dous cursos.

A miña intervención levouse a cabo sempre dentro da aula, podendo ofrecer o meu apoio tamén ao resto do alumnado do grupo. A miña atención estivo sempre coordinada coa mestra titora e o especialista buscando a maior inclusión do alumnado no grupo e no centro.

A metodoloxía que se empregou foi a metodoloxía DUA: deseño universal da aprendizaxe. En relación ao alumno de 5º, traballou os mesmos contidos (agás no caso dos eliminados na AC) e fixo as mesmas actividades co resto das súas compañeiras e compañeiros, adaptándoos no caso de que fora preciso. Outra metodoloxía que se empregou foi o traballo cooperativo e leváronse a cabo actividades motivadoras e dinámicas para favorecer a súa atención e interese.

Os problemas de conduta do alumno son moito menos frecuentes, pero o alumno segue sen ter motivación polas tarefas curriculares, polo que se valora para o remate da etapa un cambio de escolarización que de ao alumnado unha alternativa que sexa enriquecedora e motivadora para el.

A aula de 1º de EP presenta moitas dificultades, polo que se valora que este curso teña dúas mestras a tempo completo, en concreto hai un alumno con TEA que debido ao seu desfase, hai que prepararlle moito material e estar moi atento a el, con este alumno introducimos a metodoloxía TEACCH, metodoloxía que seguiremos empregando no seguinte curso.

AUDICIÓN E LINGUAXE

Este curso a mestra de audición e linguaxe foi compartida co Ceip Mestre Valverde Mayo acudindo a este centro os martes e xoves. Indicar que debido o gran número de alumnado que precisa intervención de AL, e moi necesario que o vindeiro curso esta figura este a tempo completo no centro xa que considero que algunhas das intervencións non foron suficientes, xa que as necesidades que presentan algúns dos alumnos precisarían de intervencións diarias.

As intervencións directas co alumnado que recibiu atención por parte da mestra de Audición e Linguaxe no curso 2022-2023 iniciáronse no mes de outubro, xa que ao longo do mes de setembro realizáronse as seguinte tarefas:

- Avaliación inicial do alumnado con NEAE que xa recibira atención de AL o curso anterior.
- Avaliación do novo alumnado con NEAE no ámbito da comunicación e da linguaxe propostos pola anterior especialista, pola xefa do DO ou polos mestres tutores.
- Confección do horario.
- Elaboración da Programación Xeral do curso e dos Programas de intervención Individualizados.
- Cara o final de curso e para facilitar a previsión do vindeiro curso valorouse a todo o alumnado de infantil.

Durante este curso recibiron atención de AL un total de 29 alumnos e alumnas, dende 4º de Educación Infantil ata 5º de Educación Primaria. Para poder ofrecer atención directa a todos eles foi necesario realizar agrupamentos en función das alteracións presentadas.

Dos 29 alumnos atendidos recibiron a alta 4 nenos (un de 3º de EP, un de 2º de EP, unha nena de 6º de EI e unha nena de 5º EP). Outros quedan pendentes para posible alta segundo sexa a evolución no verán, avaliándose ó comezo do seguinte curso.

As actuacións co alumnado foron temporalizadas e axustadas ás necesidades dos alumnos/as, sufrindo modificacións ó longo do curso segundo a progresión ou aparición de necesidades educativas dos alumnos/as. Ademais o horario de atención foise modificando ao longo dos trimestres en función das altas e dos novos casos presentados. Dentro deste horario dedicouse outra das sesións semanais para a coordinación coa Orientadora e a especialista de PT, coa finalidade de levar a cabo un seguimento rigoroso do alumnado

atendido dende o DO e establecer as coordinacións pertinentes nas intervencións individuais.

Os alumnos/as que recibiron apoio específico por parte da mestra de AL presentaban dificultades nun ou en varios destes ámbitos: comunicación, fala, comprensión e expresión da linguaxe oral e da linguaxe escrita (compoñentes fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático).

A distribución por cursos deste alumnado foi a seguinte:

4º Educación Infantil:

- 4 alumnos

5º Educación Infantil:

- 8 alumnos

6º Educación Infantil:

- 5 alumnos

1º Educación Primaria:

- 7 alumnos

2º Educación Primaria:

- 1 alumnos

3º Educación Primaria

- 1 alumno

5º Educación Primaria:

- 1 alumna

Ó final do curso elaboráronse informes de todo o alumnado atendido para deixar constancia do traballo realizado ao longo do curso, dos avances dos nenos/as, os obxectivos acadados, os contidos traballados e as propostas de actuación cara o vindeiro curso.

Así mesmo elaborouse unha previsión de alumnado para o curso 2022-2023.

En canto a consecución dos **obxectivos** propostos, cabe dicir que a nivel xeral foron satisfactorios na súa gran maioría. A maioría dos alumnos/as amosaron unha evolución positiva na superación das súas dificultades.

Procurouse que as **actividades** que se levaron a cabo fosen variadas, manipulativas e motivadoras, adaptadas as características persoais, aos intereses e ás necesidades de cada caso.

A **metodoloxía** empregada baseouse nos principios da aprendizaxe significativa, activa e personalizada, partindo do nivel de desenvolvemento de cada neno/a. Empregáronse recursos motivadores, xogos, cambio frecuente de tarefas, creación dun clima agradable no grupo, valoración positiva do esforzo, reforzo da autoestima e das aprendizaxes adquiridas. As TIC tamén foron un recurso moi motivador para o alumnado.

Ademais facilitouse na medida do posible a coordinación cos titores e titoras correspondentes.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

De cara ao vindeiro curso como xa indiquei e necesario que a figura do/a mestre/a de Audición e Linguaxe estivese a tempo completo no centro para poder facer fronte a todas as necesidades existentes.

PROGRAMA ACOMPAÑA

O Programa Acompaña ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás características, necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais, económicas e culturais do alumnado con necesidades de apoio educativo (ACNEAE). Os obxectivos específicos do Programa Acompaña son:

- Adoptar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo.
- Apoiar e proporcionar reforzo educativo en cooperación cos titores e resto de mestres.
- Dar resposta ás necesidades do alumnado con necesidades de apoio educativo (ACNEAE) dende as primeiras etapas de escolarización.
- Traballar o recoñecemento de fonemas e grafías dende as etapas de Educación Infantil.
- Consolidar o proceso lectoescritor no 1º e 2º ciclo da Educación Primaria a través de diferentes metodoloxías adaptadas a cada etapa, curso e discente.

- Consolidar os conceptos básicos da lóxica matemática, dende o conteo na etapa de infantil ata resolución de problemas e algoritmos básicos nos primeiros cursos de primaria .
- Espertar o interese, motivación e curiosidade polo mundo.
- Acompañar ós alumnos e alumnas en todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe con agarimo, respecto e ánimo constante.

O programa Acompaña levouse a cabo dende o 13 de febreiro de 2023 ata o 21 de xuño de 2023 a tempo completo. Este programa levouse a cabo dende Educación Infantil ata 4º de Educación Primaria. O Programa foi desenvolvido con atención directa á diversidade. Todos os docentes do Acompaña tiveron formación específica co obxectivo de garantir un resultado óptimo na práctica das aulas. Os alumnos con necesidades tiveron o apoio dos especialistas de xeito individual, en pequeno grupo na aula de apoio e dentro da aula ordinaria en gran grupo. En tódolos casos priorizáronse as necesidades dos discentes tendo en conta métodos inclusivos e dinámicas activas.

Na maioría dos casos nos que o alumnado requiriu reforzo de PT foi motivado por dificultades lectoescriptoras. No apoio cos alumnos do último curso de Educación Infantil e de segundo curso de Primaria, levamos a cabo actividades e tarefas orientadas ao coñecemento, decodificación e interiorización do código alfabético. As actividades foron deseñadas para facilitar a aprendizaxe inicial da lectoescritura dende a base, respectando unha progresión de dificultade rigorosa, favorecendo deste xeito a motivación intrínseca. Para emprender este camiño, partimos do recoñecemento dos diferentes fonemas para potenciar a linguaxe oral antes ca linguaxe escrita. Traballamos letra por letra, primeiro as vogais unha a unha e despois as consoantes. Tivemos en conta os coñecementos previos do alumnado facendo unha avaliación inicial na que obter os resultados das dificultades no desenvolvemento da linguaxe, as posibles dislalias, dislexias, retardo lector, dificultades no desenvolvemento fonolóxico ou calquera outra circunstancia que impida o correcto avance do alumno/a.

En cada sesión combináronse diferentes actividades. No comezo da clase hai unha ensinanza explícita na que se lle deixa claro ao alumno/a que é o que vai a facer no tempo de traballo, cales son os obxectivos das tarefas e propoñendo retos que esperten a súa curiosidade. Traballamos con fichas seguindo diferentes métodos como a colección Diverlexia. Complementáronse os cadernos con letras de plástico, goma eva, código de cores, histoletras, encerado e letras magnéticas, xogos, plastilina, grafía en area, trazo no

propio corpo cos ollos pechados, música e todo aquel material manipulativo que axude a crear sílabas e sons (consoantes azuis e vogais vermellas).

Tanto en 2º coma en 3º de Primaria fíxose cronómetro lector e rastrexo de palabras con textos adaptados ao nivel de cada discente, comezando con sílabas simples e rematando con invertidas e trabadas de maior dificultade. A comprensión lectora comezámola con pequenos parágrafos e trabalinguas. Na terceira avaliación os textos xa posuían maior dificultade para varios alumnos/as. Aprenden a ler e escribir facendo, pensando, identificando, relacionando, trazando, rimando, xogando,... sempre tendo en conta os tempos e a progresión individual. Mesturamos diversas estratexias para o desenvolvemento da competencia lingüística oral (creación de micromonólogos, invención de pseudopalabras, descrición sinxela de seu...).

Aprendemos a segmentar as oracións en palabras e as palabras en anacos (sílabas) tocando palmas. Iniciamos cada sesión co recordo do traballado na sesión anterior.

En terceiro de primaria imos un paso mais lonxe e traballamos a sílaba tónica, familias léxicas ou palabras da mesma categoría semántica. O proceso lectoescriptor é acumulativo polo que faise necesario que teñan ben interiorizado o código alfabético antes de avanzar. Potenciamos a funcionalidade da memoria verbal realizando xogos de conciencia silábica e de conciencia fonémica coas palabras largas (exemplo: xogo carreira de letras). Nos momentos de bloqueo ou cansazo, damos por rematada a tarefa actual e facemos exercicios de relaxación.

Nas etapas de infantil mesturábanse sesións nas que se traballou a parte lóxico matemática, especialmente o conteo, a simetría e a xeometría básica (cadrado, rectángulo, triángulo e círculo). A intelixencia visoespacial formou parte integrada no conxunto dos xogos, tarefas e actividades nas que, de maneira transversal, a ensinanza era un “todo” no que o proceso da ensinanza foi holístico, téndose en conta cada ámbito da persoa.

En 4º curso de Educación Primaria, o apoio na parte matemática levouse a cabo na aula de apoio a través de material manipulativo (xarras e vasos medidores para medir os líquidos, metros e cintas para as lonxitudes, busca de figuras planas na aula, xeometría no plano...). A comprensión lectora tamén foi importante no traballo lóxico-matemático, pois a maior parte dos discentes non comprenden o que len o que lles leva a ter dificultades en tódalas materias e áreas.

Propónse como suxestións de mellora a formación a titores e mestres dos centros educativos sobre a figura e papel do especialista de PT tanto dentro como fóra da aula e a continuidade do Programa Acompaña no mesmo centro educativo para poder seguir

traballando cos alumnos e alumnas que xa coñecemos e, sobre todo, que nos coñecen a nós.

13. BIBLIOTECA

O noso centro, CEIP de Petelos , incorporouse ao Plan de mellora de bibliotecas escolares no curso 2019/20. Como centro PLAMBE o equipo de biblioteca elabora unha memoria de actividades e unhas liñas prioritarias de actuación para enviala como memoria do Plambe á Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.

●Obxectivos curso 2022-23

- 1.-Continuar o rexistro e a catalogación informatizada dos fondos co Meiga.
- 2.-Planificar o traballo do equipo de biblioteca e coordinación cos distintos equipos de centro.
- 3.-Continuar desenvolvendo actividades de dinamización na BE e implicando a toda a comunidade educativa.
- 4.-Fomentar a BE como centro de actividades de metodoloxía innovadoras, imprescindibles para desenvolver proxectos.
- 5.-Potenciar entre o noso alumnado a busca autónoma de información, facendo grupos de formación entre o alumnado para saber xestionar a clasificación de recursos.
- 6.-Integración e participación do grupo de voluntarios de 5º e 6º durante o recreo.
- 7.-Continuar coa formación do equipo de biblioteca a través de cursos e da PFPP.
- 8.-Adquisición de fondos documentais e diferentes materiais para os proxectos da biblioteca.
- 9.Promoción da lectura , mochila e bolsas viaxeiras, club de lecturas...
- 10.Difundir as actividades a través do blog da biblioteca, páxina web do centro e twitter.

●Liñas prioritarias de actuación para o curso 2023-2024

1. Continuar dinamizando actividades dende a BE e implicando a toda a comunidade educativa.
2. Fomentar a BE como centro de actividades de metodoloxías innovadoras e imprescindibles para desenvolver proxectos.
3. Planificar o PDI, implicando a toda a Comunidade educativa na súa participación mediante actividades.
4. Continuar a formación do equipo de biblioteca a través de cursos e os PFPP.

5. Difundir as actividades a través do blog e o twitter da biblioteca e o instagram do centro.
6. Continuar integrando e formando o alumnado voluntario nas actividades da biblioteca.
7. Continuar traballando en colaboración cos diferentes equipos para a planificación de actividades.
8. Dinamizar o espacio creativo a través de propostas dende a BE.
9. Continuar coa adquisición de fondos documentais para impulsar proxectos e necesidades.
10. Diseñar, planificar e organizar o novo espazo da biblioteca escolar.

•Actividades en relación coa dinamización da biblioteca escolar.

-Día das Bibliotecas Escolares, 24 de outubro. O lema deste ano foi :ESCRIBIR A BIBLIOTECA ESCOLAR, poñendo o foco en todas as formas de escrita que cuida e ofrece a biblioteca escolar .A escrita como medio de comunicación, expresión, creación, información e coñecemento.

-•Hora de ler: dende o mes de outubro ata xuño levouse a cabo no centro a hora de ler, en horario de 12:15 - 12:35 despois do recreo. Ao longo do curso enriqueceuse con :lectura individual e silenciosa, lectura compartida, recitais de poesía, contos creados polo propio alumnado, lecturas dos voluntarios de biblioteca, lecturas das familias, lecturas recomendadas nas distintas conmemoracións polo equipo de biblioteca en colaboración cos distintos equipos ,dinamización da lingua galega e departamento de orientación: samaín, paz, entroido, Rosalía, día da muller...

-Formación de usuarios.

Tanto o alumnado de cada titoria coma os mestres contaron cunha formación de usuarios impartida polo equipo de biblioteca. O equipo de voluntarios contou con dúas sesións de formación de usuarios, unha para os voluntarios de 6º e outra para os novos voluntarios. Esta actividade tivo como finalidade que os usuarios da biblioteca, neste caso o equipo de voluntarios, coñezan a organización dos fondos atendendo á CDU, signatura, orde alfabética, etc.

-Voluntariado de Lectura-A. Este curso continuamos participando na iniciativa de BE ,Voluntariado de Lectura,nas modalidades 1 e 2 coordinado pola mestra Dª Mª de los Ángeles Collazo Fidalgo e coa colaboración de diferentes mestres do equipo de biblioteca que tiveron unha participación moi activa nas actividades da biblioteca. Ser axudante de biblioteca é unha actividade para integrar o alumnado de 5º e 6º na xestión e dinamización das actividades da biblioteca que ademais lle permite acadar diferentes competencias e favorece a integración e as relacións interpersonais. Os axudantes recibiron sesións de

formación para coñecer o funcionamento e organización da BE e estableceuse un calendario de quendas de 4 -5 alumnos/curso para realizar as súas tarefas baixo a supervisión dun membro do equipo de biblioteca na hora do recreo. Ademais das tarefas propias de colaboración coa biblioteca realizaron outras actividades detalladas na memoria de actividades do Voluntariado de lectura-A .

-Mochilas viaxeiras en primaria e Bolsas viaxeiras en infantil. A finais de outubro comezou o empréstimo en Educación Infantil coas bolsas viaxeiras ás familias. Tamén iniciamos o empréstimo das mochilas viaxeiras en primaria. Continuando esta actividade que comezamos hai dous anterior . Os titores foron os encargados de realizar o préstamo cada semana nas aulas. Estas actividades tiveron boa acollida entre as familias e o alumnado. As mochilas viaxeiras son un vínculo entre o alumnado, as familias e a biblioteca e proporciona a oportunidade de facer lecturas compartidas e conversas sobre os libros.
<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/11/entrega-de-bolsas-emochilas-viaxeiras.html>

-Samaín .

Exposición temática, programa de radio, lecturas na hora de ler, elaboración de contos de medo...

-Mes da ciencia en galego.

Celebramos o mes da ciencia dende a nosa biblioteca, demostrando unha vez máis que as bibliotecas non son só un lugar para albergar libros, se non un espazo estupendo para compartir, traballar, aprender e experimentar.

Tamén invitamos ás familias a participar da proposta, coa posibilidade de gravalo se non podían facelo no cole. Para visualizar os experimentos das aulas o equipo de biblioteca realizou un padlet con todos os traballos realizados:
<https://es.padlet.com/bibliopetelos/mes-da-ciencia-en-galego-2022-at64h0jscs1tbuhd>

-25 de novembro-Día internacional da non violencia.

O alumnado das aulas de 3º, 4º, 5º e 6º participou nunha xincana de corresponsabilidade ofertada polo Concello de Mos. O alumnado de 6º preparou un programa especial en RadioPetela.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1596857340258619392>

-3 de decembro, Día internacional das persoas con discapacidade .

Para sensibilizar aos nenos ante a discapacidade intelectual , o alumnado de 1º e 2º disfrutou dun obradiro grazas a Centro EVD (acompañadas dunha monitora) de xogos como actividade de integración : " Hoxe nos divertiMos".O alumnado de 1º e 2º xogou ao

dominó, o parchís, as damas ,cartas.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1599003993551667200>

O alumnado de 5º e 6º contou cunha charla divulgativa e educativa da asociación Discamino e participaron na gravación do vídeo "El Camino de Santiago más especial gracias a DisCamino" pois o noso centro foi unha das tres localización da gravación. Foi unha experiencia moi enriquecedora organizada polo Departamento de Orientación.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2023/02/charla-da-asociacion-discamino.html>

-Nadal.

O Equipo de Biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega elaborou unha guía de lecturas coas recomendacións de nadal elexidas polos distintos niveis onde se inclúe o libro do itinerario lector de cada aulas. <https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1606221096130383872>

O equipo de biblioteca a partir do expurgo de fondos decidiu realizar un mercado solidario e colaborar co Proxecto "Mos Axuda" da Concellería de Política Social do Concello de Mos. Os voluntarios da biblioteca foron os encargados de levar a cabo a súa preparación: forrar a mesa, facer as letras, colocar os libros e estar a cargo do mercado onde o alumnado pode coller un libro a cambio de 1 kilo de alimentos e así darlle unha segunda vida aos libros. <https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/12/mercado-solidario-de-nadal.html>

Os voluntarios da BE de 5º realizaron uns obradoiros de Nadal para o alumnado de 1º a 4º de primaria, unha proposta moi interesante da súa parte ao equipo de biblioteca.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/12/obradoiros-de-nadal-impartidos-polos.html>

-30 de Xaneiro, Día da Paz

A biblioteca coa participación dos axudantes preparou unha Exposición Temática "Día da Paz" no recuncho de lectura para gozar das lecturas. Tamén os voluntarios gravaron dous contos relacionados con esta temática para visionar na hora del ler. Realizouse un programa de radio que fixo o alumnado de 6ºB para conmemorar o Día Mundial da Radio, que se celebra o 13 de febreiro, seguindo unha iniciativa de Ponte... nas Ondas! A temática é Radio e paz. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepetelos/?q=node/601>

-11 de febreiro, Día da muller e a nena na ciencia.

Para conmemorar esta data o alumnado de 5º e 6º de primaria contou coa visita de María de los Ángeles Peña Gallego, Doutora en Química e mestra da Universidade de Vigo na Facultade de Química organizada polo Departamento de Orientación en colaboración coa biblioteca. A biblioteca realizou unha selección de lecturas e fixo unha exposición temática.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2023/02/dia-da-muller-e-nena-naciencia.html>

-23 de febreiro, Día de Rosalía de Castro.

Programa de radio, exposición temática, taboleiro de bee-bot con códigos QR , traballo coa canción Has de cantar dende a aula de música.

-Obradoiro de manga.

Celebramos o Día da Banda Deseñada cun obradoiro de manga da man de Francisco Javier Pereira Canovacas para o alumnado de 6º de primaria.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1637932854012436480>

-Día da Muller

A biblioteca propuxo ás aulas unha investigación para traballar esta conmemoración. Cada aula elixiu unha muller para investigar nomeando a súa aula e presentando o traballo aos compañeiros. En ditintos soportes: murais, lapbook, infografías e carteis. As mulleres elixidas foron en Infantil : Elisa Patiño, Antonia Ferrín e Concepción Arenal en primaria 1º nivel : Olimpia Valencia, 2º nivel : Rachel Carson, 3º nivel : Ángeles Alvariño, 4º nivel : Margarita Salas, 5º nivel : Hypatia , 6º A nivel : Antonia Ferrín e 6º B nivel : Concepción Arenal. Coas mulleres elixidas decoráronse as portas das aulas.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2023/03/8-de-marzo-dia-damuller.html>

-21 de Marzo, Día da poesía.

Celebramos un apadriñamento lector nas aulas para conmemorar o día da poesía. Os voluntarios da biblioteca participaron apadriñando ao alumnado de infantil das aulas de 3 e 4 anos. O alumnado de 4º para conmemorar o DÍA DA POESÍA contou cun obradoiro poético a cargo do poeta-escritor galego Miguel Ángel Alonso promovido polo Concello de Mos. Recital poético dos voluntarios, os versos de Rosalía e Antonio García Teijeiro soaron na voz dos voluntarios na Residencia de maiores Doral, nun xornada de convivencia moi especial.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1632996425746219009>

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1643692374789373952>

-Abril, mes do libro e a lectura coma protagonistas.

Lecturas das familias, apadriñamento lector, lecturas dos voluntarios, visita de autores, obradoiro de radio dentro do programa lectura e familias.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1648433207879299073>

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1651832677979373569>

-Festa dos maíos.

Cada aula creou as súas coplas nas titorías que ensaiaron xunto co baile coa mestra de música Raquel. O mércores 10 de maio saímos ao patio a cantar as nosas coplas arredor do maio acompañados pola mestra de música Raquel ao acordeón: aulas, familias e

mestres. Este curso as familias participaron creando a súa propia copla e ademais realizando un programa especial en Radio Petela con motivo da festa dos maíos.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1657303420254994432>

-Obradoiro de marcapáxinas.

Nos recreos da biblio durante o mes de maio estamos a realizar un obradoiro de marcapáxinas coa máquina de coser coa axuda das mestras Ana e Azucena. O alumnado de primaria, martes e mércores, seguindo as instrucións elabora un marcapáxinas de lectura.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1657305139114377217>

-Letras Galegas.

Francisco Fernández del Riego, foi o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023, dende a biblioteca en colaboración co equipo de Dinamización da Lingua Galega preparamos unha exposición temática e recursos para coñecer a súa vida e obra. As aulas traballaron mediante unidades didácticas a figura do autor homenaxeado. Preparamos un Podcast da Vida en verso de Francisco Fernández del Riego entre o alumnado de 4º, 5º e 6º, entre as familias e o profesorado, e que presentamos ao V concurso de podcast de Radio na Biblio. O alumnado de 5º e 6º realizaron unhas ilustración para acompañar a biografía en verso do autor e as utilizaron para realiza un vídeo. O alumnado de infantil traballou o autor mediante un conto e un taboleiro adaptado cos recursos de Seminario Galán a través do bee bot que elaborou a mestra Vanesa.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2023/05/letras-galegas-2023.html>

-Contacontos en Infantil.

O alumnado de infantil contou este curso cun contacontos realizado por Sabela Gago dentro das actividades programadas no mes de abril. Tamén as familias participaron o longo do curso na actividade "As familias contan" na que leron contos ao alumnado para implicar as familias no proceso do fomento da lectura e a participación na escola.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1665381081913126912>

-Teatro dos voluntarios da biblioteca.

Os voluntarios prepararon ao longo do segundo trimestre "Coelliño Branco" que representaron a Galiña Azul de Cotatorrón, que visitou o nos centro, ao alumnado de infantil, 1º e 2º de primaria. No mes de xuño visitaron a Galiña Azul-Porteliña de para representar a súa obra aos máis cativos. <https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1662049587165552644>

-Día dos museos.

O equipo de biblioteca propuxo ás familias, decorar con diversos materiais, a ser posible reciclados ou de refugallo: teas, plastilina, cartolina, follas, semillas... cadros de diversos pintores/pintoras. Cos traballos realizouse un museo itinerante polos distintos corredores do cole no mes de xuño. As familias puideron visitar o museo para observar os ditintos traballos realizados polas familias do centro.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2023/05/18-de-maio-dias-dos-museos.html>

-Día mundial do medio ambiente.

O equipo de biblioteca contribuiu cunha exposición de libros relacionados coa temática. Este curso o noso proxecto de centro foi "COIDEMOS O NOSO PLANETA". Aproveitando esta conmemoración presentáronse ao longo do mes de xuño as diferentes propostas realizadas durante o curso nas distintas titorías. Petela co medio ambiente: de xestión do refugallo no centro, proposta dentro do proxecto anual "Coidemos o noso planeta". Os obxectivos propostos son: -Reducir o número de papeleiras do centro e polo tanto o de bolsas. -Responsabilizar ao alumnado do tratamento do refugallo. -Facer autónomo e responsabilizar ao alumnado do seu refugallo. As aulas prepararon distintos traballos coa reciclaxe: xoguetes, maquetas, instrumentos musicais... e realizaron unhas exposicións nos corredores do centro.

-Concerto na biblio.

Descubrimos que neste cole hai moitos e moitas artistas, e por iso decidimos facer esta actividade. Así que pechamos as actividades da biblioteca organizando un concerto, Nati e Anxo voluntarios da biblioteca foron os encargados de presentar o acto. Coa colaboración da mestra de Música Raquel, o alumnado foise anotando para participar, despois de ensaiar ...cheo o gran día. <https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2023/06/concerto-na-biblioteca.html>

●Actividades en relación coa biblioteca escolar.

-Radio Petela.

Participamos no proxecto "Radio na biblio". Este curso 2022-23, seguimos voando coas ondas con... RADIO PETELA, a mellor radio da contorna enteira! É o cuarto ano de vida da nosa radio escolar, divertímonos moito con ela, aprendemos moitas cousas, e...sobre todo, melloramos moito a nosa expresión oral en galego! Durante este curso todas as aulas participaron na radio escolar preparando o seu programa de RadioPetela, moitos relacionados co noso proxecto de centro. Este ano, os cursos encargados da radio foron, ao igual que en anos anteriores, os de 4º e 6º, que son os que dispoñen no seu horario dunha hora semanal para adicarlle á radio. Estamos moi satisfeitos coa experiencia da radio escolar e da boa acollida que esta ten entre o alumnado, entre o profesorado e entre as

familias. Os programas lévanse a cabo na hora de ler. As familias, realizaron un programa moi especial sobre Os Maios. Foi unha experiencia fantástica, e...agardamos que para o ano repitan!! Este curso grazas a participación en Radio na biblio contamos con dous obradoiros de Radio impartidos por Damián Alonso para o alumnado de 2º e 3º de primaria e Pedro Iglesias para o alumnado de 5º de primaria. Para o profesorado: coa radio escolar, ábrense novas e diferentes formas de traballar o currículo, abrindo un abano moi amplo de posibilidades.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelotas/?q=node/641>

-Club de lectura .

Participamos na convocatoria dos Clubs de lectura, é o noso 2º ano e contamos con tres clubs de lectura de primaria. No Club de lectura "Bibliopetela" participan os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria, moitos deles voluntarios na BE. <https://bibliotecaceippelotas.blogspot.com/2023/05/visita-de-eva-mejuto-nosa-biblioteca.html>

Nas XV xornadas dos clubs de lectura realizadas en Santiago de Compostela participamos xunto co CEIP Nosa Sra. De Xuvencos (Boborás) nunha mesa de experiencias sobre os audiovisuais nos Clubs de lectura.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1665821848875958274>

-Participación no programa de Lectura e familias.

Con este programa, quixemos impulsar paralelamente ao Proxecto de Biblioteca, o desenvolvemento de iniciativas que favorezcan a participación das familias na biblioteca escolar a través de actividades deseñadas con ese fin , para mellorar a comprensión lectora do alumnado, desenvolver o seu hábito lector e mellorar a súa competencia lingüística. As familias entran a formar parte implicada na escola, ofrecendo un acceso igualitario á información, a educación e a cultura compensando as desigualdades sociais.

As familias contaron este curso con disintas propostas de participación nas actividades da biblioteca: mes da ciencia, contacontos, samaín, entroido, magosto, radio, maios, día dos museos...

Tamén participaron nos obradoiros de tear e lettering impartido por Hypatia , un obradoiro para aprender a contar historias "Vive a biblio en familia" impartido por Damián Alonso e un obradoiro de contacontos "Abrazar coas palabras" a cargo de Charo Pita e formamos un club de lectura de adultos onde familias e mestres xuntámonos para conversar arredor dos libros.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1646622360122826752>

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1670427848295710720>

-Actividades de formación do equipo de biblioteca.

O equipo de biblioteca ao completo participou no PFPP V2131125 Biblioteca creativa-Ceip de Petelos contando como poñente a Paola Guimeráns. Así mesmo membros do equipo de biblioteca participaron en actividades formativas relativas á biblioteca escolar. Tamén contaron cun obradoiro sobre elaboración de booktrailes a cargo de Roi Guitán .

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1641172766811365377>

Todas as actividades levadas a cabo pola biblioteca están colgadas tanto no blog :O blog de Petela como no twitter da biblioteca para difusión a toda a comunidade educativa.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/>

<https://twitter.com/PetelaBiblio>



14. RADIO ESCOLAR

• **RADIO PETELA**

Este foi o cuarto curso con Radio Petela funcionando no noso centro. E este ano, foi o segundo ano que estivemos dentro do programa **Radio na Biblio**, o que nos permitiu facer distintos obradoiros:

- **Obradoiro de Narración Oral**, impartido por Damián Alonso, para 2º e 3º curso
- **Obradoiro de gravación e mestura para Radio e Podcast** (1ª parte) impartido por Pedro Iglesias, para 5º curso. A segunda parte do mesmo realizarase a principios do vindeiro curso.

A avaliación dos dous obradoiros resultou positiva, sendo de gran utilidade para o noso alumnado e para a mellora do funcionamento da radio.

Ao igual que o ano pasado, os cursos encargados da radio foron os de **4º e 6º**, xa que son os que dispoñían dunha hora semanal no seu horario para adicarlle á radio (decidir o tema do programa, buscar información, preparar o guión, decidir quen vai ser o equipo técnico, distribuír o que le cada un, ensaiar e... por fin emitir en directo! Logo, facer reconto das papeletas, facer o sorteo entre os acertantes de cada clase, preparar o guión do programa

especial de entrega de premios, ensaialo, facer unha conexión especial de radio para decir o nome dos gañadores e gañadoras do concurso, e... a repartir os premios!!

Ademáis dos cursos de 4º e 6º, o **resto das clases de primaria**, tamén pasaron pola radio para facer o seu programa, algo que tiñamos como proposta de mellora o ano pasado, e, que conseguimos en parte, xa que nos quedou pendente o paso pola radio do alumnado de Infantil, que temos como obxectivo o vindeiro curso.

Os programas seguíronse levando a cabo nas horas de lectura, avisando previamente do día. Este horario funciona moi ben, porque todo o noso alumnado e profesorado está escoitando atentamente dende as súas aulas.

A posta en marcha de Radio Petela estivo intimamente ligada á nosa biblioteca polos seguintes motivos:

1. **Radio Petela** leva o nome da mascota da nosa biblioteca, e ademais está integrada dentro do programa Radio na Biblio, de Bibliotecas escolares.

2. Para a elaboración dos guións dos programas o alumnado formouse na **busca de información**.

Para iso dividiamos ao alumnado en equipos de 3-4 persoas, e cada equipo encargábase de buscar información e redactar un dos apartados do programa.

3. **O concurso da radio**. En todos os programas de radio había un apartado que era este concurso. Todas as preguntas estaban relacionadas coa temática de cada programa. Con este concurso traballamos a busca de información por dúas bandas: por un lado o alumnado que elaboraba as preguntas, e por outro lado, o alumnado que participaba no concurso, que tiña que buscar información para poder atopar as respostas. Había dous concursos en cada programa de radio: un para infantil e outro para primaria.

4. Ademais, en todos os programas había un apartado que era **“Recomendación musical”**, no que se recomendaba unha canción en galego, fomentando deste xeito a nosa lingua, e dando a coñecer as novidades musicais en galego, no que, unha vez escollida a canción, o grupo encargado deste apartado, tiña que buscar información sobre o grupo musical que a interpretaba e redactar un texto sobre o mesmo. Logo os oíntes, tiñan que valorar do 1 ao 10 canto lles gustou esa canción, anotalo na papeleta

do concurso, e deste xeito, iamos elaborando a nosa propia listada de favoritos musicais.


5. **O recuncho literario:** nalgúns programas, tamén incluimos este apartado, no que recomendabamos distintos libros da nosa biblio, para dar a coñecer e visibilizar os libros que temos no cole e que pronto estarán a disposición de quen os queira coller para ler no cole ou levar para casa.

En Radio Petela realizamos catro tipos de programas:

1. **Os programas elaborados polos equipos fixos de Radio Petela, que eran 4º e 6º de primaria.**
2. **Os programas de entrega de premios,** que eran uns programas especiais onde se daba a coñecer o nome do gañador ou gañadora do concurso de cada clase, e tamén se daba a coñecer a puntuación acadada pola canción recomendada no programa correspondente.
Ademais de colgar o programa especial da entrega de premios na web do cole, tamén colgabamos unha pequena montaxe coas fotos do momento de realización do programa, e dos gañadores e gañadoras do concurso musical.
3. **Os programas realizados polas demais clases cos seus titores e titoras ou distintos especialistas.**
4. **Programas abertos á nosa contorna:** Ademais, este ano, seguimos **abrindo Radio Petela á nosa contorna,** facendo que a nosa radio traspase as fronteiras do nosa escola, do cal temos varias mostras:

Radio Emociónate

Estiveron de visita no noso centro os de Si Radio, realizando un programa moi especial no que participou o noso alumnado de 6º, do noso centro, unha representación de profesorado, e no que tivemos como convidadas a Uxía, ao grupo Malvela, a Xulio Lorenzo, a Soledad Castro, a Balbi, mestra xubilada que formou parte do noso cole, a Mario Fernández, arqueólogo, e a Nidia Arévalo, alcaldesa de Mos.

-  **As familias,** realizaron un programa moi especial sobre Os Maios. Foi unha experiencia fantástica, e agardamos repetir a experiencia para o ano.

Día Mundial da Radio

Para conmemorar o Día Mundial da Radio, que se celebra o 13 de febreiro, seguindo unha iniciativa de Ponte... nas Ondas!, o alumnado de 6ºB gravou un podcast titulado Radio e Paz.

Programa sobre reciclaxe xunto ao IES de Mos

Unha representación de alumnado de 1º da ESO veu á nosa radio para realizar un programa conxunto sobre reciclaxe xunto a alumnado de 1º e 6º do noso cole, para dar a coñecer o noso proxecto de reciclaxe de centro. Resultou unha experiencia moi gratificante e positiva.

Entrevista a Eva Mejuto

Unha representación do clube de lectura de 5º e 6ºdo cole fíxolle unha entrevista en Radio Petela a Eva Mejuto, a autora de Neko, o libro que escolleron para ler.

Valoración e propostas de mellora.

A valoración do funcionamento da nosa radio escolar foi moi positiva, pois resultou unha actividade moi motivante para o alumnado, para o profesorado, así como para as familias, destacando positivamente a participación por primeira vez destas últimas na nosa radio, realizando o seu propio programa e coa súa correspondente entrega de premios. Ademáis, seguimos mellorando ano a ano, grazas aos distintos obradoiros de Radio que podemos levar a cabo grazas a estar dentro do programa Radio na biblio.

Resultou positivo e moito máis operativo ter as mesmas persoas encargadas de ser equipo técnico de radio (dous equipos en cuarto, e dous en cada 6º), xa que nos permitiu poder realizar moitos máis programas, e que sexan eles quen realicen sós os programas, estando a mestra responsable da radio só para supervisar. Para o vindeiro curso seguiremos na mesma liña.

Como obxectivo para o próximo ano, é que a edición dos programas de radio para subilos á web do cole, que ata agora a realizaba a mestra responsable da radio, a realice o alumnado de 6º curso, para o cal faremos un obradoiro a principio de curso, para que aprendan a facelo co programa Audacity, que teñen nos seus ordenadores de E-dixgal.

O obxectivo este ano era que todas as clases pasasen pola radio escolar e emitisen polo menos un programa. Este obxectivo en primaria acadouse, pois todos os cursos pasaron pola radio. Para o vindeiro curso, o obxectivo é que Infantil tamén participe facendo o seu propio programa.

Ademais, a idea é seguir na liña que se iniciou este curso, de seguir abrindo a radio á nosa contorna, pacendo partícipe dela a persoas veciñas, familiares, ou calquera que nos poida aportar algo, ben mediante entrevistas, contacontos, falar sobre algún tema en concreto...

15. ANPA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS C.E.I.P. DE PETELOS

CURSO 2022-2023

ESTIVADA – PETELOS. 36416 – MOS

NIF: G-36174753

A DIRECTIVA DA ANPA DO CEIP DE PETELOS COMPONSE DE 9 MEMBROS REPARTIDOS DA SEGUINTE FORMA:

PRESIDENTA, VICEPRESIDENTA, SECRETARIA, TESOUREIRA E 5 VOGAIS.

De todos é coñecida a importancia da existencia dunha Anpa no Centro, xa que o fin desta Asociación é establecer canles para a participación dos pais na función educativa dos alumnos do Centro, para acadar a mellora do Colexio, tanto nas tarefas de ensinanza (difusión cultural, actividades extraescolares,etc...) como proxectos que se consideran necesarios para o benestar dos nenos/nenas.

NESTE CURSO 2022-2023 A ANPA DEDICOUSE A XESTIONAR UNHA SERIE DE SERVIZOS QUE NOMEAMOS A CONTINUACIÓN:

- **COMEDOR ESCOLAR :**

Este curso que rematou, como os anos anteriores, o Catering que leva o noso comedor é GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS.O custo do menú oscila entre 6 e 4,40

€ por neno e día, dependendo do número de días que usen o servizo. Este servizo do comedor, foi xestionado conxuntamente coa dirección do Centro, comezando o primeiro día de clase e rematando o 21 de xuño, coincidindo co remate do curso, en horario de 14:15 h a 16:00 h.

Ocupámonos da compra de materiais que se necesitaron para o servizo de comedor, cepillos de dentes, manteis..., supervisar e ter contacto continuo coa empresa de Catering, para conseguir que o servizo sexa o correcto.

Solicitouse a subvencións da Xunta para o servizo do comedor escolar.

Tamén destacar que existe unha axuda de 2,20 euros é dicir, a metade do custo do menú, por parte do Concello para as familias que cumpran unha serie de requisitos que o Concello pon nas súas bases, baseada na renda das familias solicitantes.

● **AULA MADRUGA:**

O servizo “ AULA MADRUGA “ deu comezo o primeiro día do inicio do curso.

Neste curso o servizo foi xestionado pola ANPA coa axuda do concello, que subvencionou parte do importe deste servizo, posto que o numero de usuarios non cubre o importe total do servizo. O prezo é de 30€ mensuais, 15€ medio mes (para os nenos fixos) e de 3€ diarios para os eventuais.

O horario é de 7:45 da mañá ata as 9:15, hora de entrada dos nenos, e levouse a cabo no comedor do centro.

Este servizo ten pouca demanda en canto ó número de familias, pero o consideramos imprescindible para favorecer a conciliación familiar. A pesar de que non sexan moitas familias as que precisen recurrir ó servizo de maneira habitual, é imprescindible que este servizo esté en funcionamento para favorecer os cambios organizativos que se poidan dar no ámbito familiar en calquera momento ó longo do curso.

O servizo foi dado por persoal da escola infantil Trasnos, encargándose da atención e da realización de actividades. Tódalas actividades realizadas na aula madruga destináronse a favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado, mediante actividades culturais e educativas .

● **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

Este curso continuouse coas actividades extraescolares.

As actividades que saíron este ano son:

- I. Baile moderno, impartido pola empresa Anias. Esta actividade dividiuse en dúas clases: pequebaile para os alumnos de infantil, e baile para os de primaria.

- II. Pintura dirixida por un profesional autónomo
- III. Inglés, multideporte e piscina (piscina municipal) actividades gratuitas ofertadas polo concello.
- IV. Defensa persoal impartida por un profesional autónomo.

Todas as actividades deron comezo no mes de outubro e rematan a finais do curso, a excepción das actividades ofertadas polo concello que rematan no mes de maio.

Estas actividades son xestionadas pola ANPA e realízanse, a excepción de natación, no centro escolar en horario non lectivo a partir das 16 h, horario no que remata o servizo comedor, co fin de seguir favorecendo a conciliación familiar.

● **OUTRAS ACTIVIDADES**

Ademais, colaboramos co Centro en:

- Participamos nas reunións do Consello escolar
- Xestionamos o Seguro escolar
- Reunións da AGRUPACIÓN DE ANPAS DE MOS.
- Mantemos reunións co Concello para coordinar as colaboracións que temos e comunicar aquelas necesidades detectadas que xurden ó longo do curso.
- Colaboramos co centro na mellora dos patios de infantil e primaria, coa compra de mobles de exterior como bancos e mesas.
- No entroido regalamos orellas ós nenos e ós mestres.
- Para a festa do Magosto compramos as castañas.
- Ós nenos da escola a Anpa faille un regalo no remate do curso.
- Organízase a festa de fin de curso
- Xestiónase a excursión fin de curso dos nenos de 6º de primaria
- Subvenciónanse as excursións escolares ós socios.
- Faiselles entrega dun carné de socio con descontos en distintos comercios asociados.